

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 31 de MARZO de 2005**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que se celebrará o próximo xoves, día 31 de marzo de 2005, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Central-Actas

- 1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 2/05, do 24 de febreiro.
- 2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 1.300 á nº 3.996, de 2005.

Economía, Facenda e Especial de Contas

- 3.-Ampliación da delegación de competencias en materia tributaria polo Concello de Bergondo.
- 4.- Ampliación da delegación de competencias en materia tributaria polo Concello de Boqueixón.
- 5.- Ampliación da delegación de competencias en materia tributaria polo Concello de Camariñas.
- 6.- Ampliación da delegación de competencias en materia tributaria polo Concello de Laxe.
- 7.- Ampliación da delegación de competencias en materia tributaria polo Concello de Paderne.
- 8.- Ampliación da delegación de competencias en materia tributaria polo Concello do Pino.
- 9.- Ampliación da delegación de competencias en materia tributaria polo Concello de Santa Comba.
- 10.-Expediente de modificación de créditos nº 1/05 e modificación da base nº 47.

Cooperación e Asistencia a Concellos

- 11.-Resolución das alegacións presentadas á primeira fase da anualidade 2005 do Programa operativo local 2000-2006.

Plans Especiais, Contratación e Equipamento

12.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Campo de fútbol de Cabaleiros – Módulos 2 e 6a” do Concello de Tordoia, incluída na 4ª e última fase da anualidade 2001 do Plan 2000 Deportes 1998-2001, código 01.3420.0154.0.

13.-Integración da Deputación como patrón institucional da Fundación Galicia Emigración.

14.-Designación dun deputado provincial para que represente á Excma. Deputación Provincial da Coruña nas reunións do Padroado da Fundación Galicia Emigración.

15.- Aprobación do Proxecto Interreg III.A TURMAS.

Vías e Obras Provinciais

16.-Aprobación do Plan de Travesías 2005, 3ª fase.

17.-Aprobación do Plan de Vías Provinciais 2005, 2ª fase.

Promoción Económica, Emprego e Turismo

18.-Modificación das actuacións da segunda anualidade (2004) do Plan de Dinamización Turística da Costa da Morte.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓN
ROGOS E PREGUNTAS

DONA PILAR SOUTO IGLESIAS
DON MANUEL TABOADA VIGO
DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ

PSOE
PP
PP
BNG
BNG

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas, o Sr. secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 2/05, DO 24 DE FEBREIRO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 2/05, do 24 de febreiro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 1.300 Á Nº 3.996, DE 2005.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 1.300 á nº 3.996, de 2005.

3.-AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA POLO CONCELLO DE BERGONDO.

INTERVENCIONES

Sr. Torres Colomer

Simplemente para dicir que o Grupo Popular nos puntos desde o 3 até o 9 incluído, imos votar a favor.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Bergondo verbo da seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos Concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia consonte co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

4.- AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA POLO CONCELLO DE BOQUEIXÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Boqueixón verbo da seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia consonte co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

5.- AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA POLO CONCELLO DE CAMARIÑAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Camariñas verbo da seguinte materia:

- Recadación voluntaria e executiva das sancións municipais por infraccións da Lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, incluíndo a colaboración previa co concello para a identificación dos propietarios dos vehículos cos que se cometan as infraccións.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia consonte co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

6.- AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA POLO CONCELLO DE LAXE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Laxe verbo da seguinte materia:

- A facultade para establecer acordos ou convenios coa Administración tributaria do Estado en materia de colaboración e inspección verbo do imposto sobre bens inmóbeis.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia consonte co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

7.- AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA POLO CONCELLO DE PADERNE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Paderne verbo da seguinte materia:

- Recadación en período executivo de tributos, prezos públicos e calquera outros ingresos de dereito público de carácter non periódico ou de periodicidade inferior ao ano.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia consonte co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

8.- AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA POLO CONCELLO DO PINO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello do Pino verbo da seguinte materia:

- A facultade para establecer acordos ou convenios coa Administración tributaria do Estado en materia de colaboración e inspección verbo do imposto sobre bens inmóbeis.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia consonte co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

9.- AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA POLO CONCELLO DE SANTA COMBA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Santa Comba verbo da seguinte materia:

- A facultade para establecer acordos ou convenios coa Administración tributaria do Estado en materia de colaboración e inspección verbo do imposto sobre bens inmóbeis.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín

Oficial da Provincia consonte co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

10.-EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 1/05 E MODIFICACIÓN DA BASE Nº 47.

INTERVENCIONS

Sr. Lagares Pérez

Imos debater o expediente de modificación de créditos número 1 do ano 2005, unha vez que se fixo a correspondente liquidación do orzamento do ano 2004, por resolución da Presidencia do 9 de febreiro, e deuse conta ao último Pleno do pasado 24 de febreiro. A continuación prodúcese a incorporación de remanentes do orzamento 2004-2005, que se fai por resolución da Presidencia do 16 de febreiro, e hoxe traemos, como dicía ao inicio da miña intervención, este primeiro expediente, por un total de algo máis de 19.100.000 euros, sempre coa filosofía do equipo de goberno, que marcamos desde un principio, e que tentamos alcanzar e levar á práctica o máximo posíbel, de gastar menos para facer máis e mellor.

Como veremos ao longo desta exposición, trátase dun expediente investidor, dun expediente externo, pois de cada 100 euros, 94,2 van destinados a investimentos propios e a transferencias aos concellos ou a distintas entidades, institucións, asociacións, etc. O seu financiamento é, practicamente, na súa totalidade, a través do remanente de Tesouraría, dispoñíbel para gastos xerais, agás unha pequena cantidade de 57.000 euros que son baixas por anulación.

Á súa vez quero destacar a incorporación de varias subvencións nominativas, entre elas, como non, cinco, para facer práctico o acordo adoptado o 27 de xaneiro de 2005, de 90.000 euros para as vítimas do tsunami, do maremoto do sueste asiático, quero nesta intervención, e espero que se una toda a cámara, expresar a nosa consternación e solidariedade tamén polo que se acaba de producir hai uns días na mesma zona e que ocasionou un gran número de falecementos. Pero, insisto, 90.000 euros destínanse a través de distintas entidades de tipo social, ONG, para distintas finalidades, concretamente o Fondo Galego de Cooperación, con 25.000 euros, serán para gastos de funcionamento de proxectos de desenvolvemento; a Cruz Vermella, con 10.000 euros, para infraestruturas; a Fundación Terra de Homes de España, tamén con 10.000 euros, para adquisición de distinto material, concretamente 30 ciclomotores; para Médicos do Mundo 25.000 euros, para gastos de atención de persoal expatriado; e para a Asociación Agamer 20.000 euros para reparacións de artigos de pesca e equipamentos. Quero dicir que con isto desenvolvemos unha parte dunha moción importante que se aprobou alá polo mes de xaneiro, desde o punto de vista humanitario, onde sempre a Deputación da Coruña está á vangarda de todas as

institucións e que esperemos que se continúe. Igualmente incorpóranse outras dúas subvencións nominativas referidas á “Cociña” de Ferrol para unha cuberta, e a unha exposición da Garda Civil relacionada coas vítimas do terrorismo.

Indubidabelmente, este expediente ten unha serie de correccións orzamentarias de exercicios anteriores, que quere dicir isto? Pois nin máis nin menos que hai economías que quedaron pendentes do seu gasto, e que imos asumir e que están contidas nel. Quero referirme a algunha delas como importantes, como son o Centro das Artes, para o aboamento dunha certificación atrasada do ano 2003 e para o seu amoblamento; o Teatro Colón, tamén para mobiliario e para o equipamento escénico; o Consorcio de Bombeiros; o Plan 2000 de arquitectura popular, co cal este equipo de goberno vai tratar de pechar definitivamente para distintos reformados, liquidacións, tanto no convenio de deportes Xunta-Deputación, que se asinou o 29 de novembro do ano 2002, como a liquidación do Plan deporte 2000 como máis importantes. Quere dicir que algunhas cantidades, con menos contía desde o punto de vista económico, son tamén relevantes e son tamén importantes.

Falaba ao principio, en nome deste equipo de goberno, deste expediente investidor e externo, e quero dicir que os investimentos propios e transferencias a concellos e entidades representan o 94,26%. Quere dicir isto, como dicía ao inicio da miña intervención, que de cada 100 euros 94,26 van destinados a investimentos, a transferencias de capital, a transferencias correntes, é dicir, é un expediente que mira cara o investimento directo para complementar esas correccións orzamentarias, e que mira exteriormente, fundamentalmente, para os concellos porque na Deputación temos que seguir a práctica de que siga sendo “concello de concellos”, como marca a súa filosofía fundamental.

Dentro dos investimentos quero destacar algúns puntualmente en algo que moitas veces pasa desapercibido, pero os alcaldes e concelleiros e concelleiras que aquí nos sentamos sabemos que ten unha importancia capital para o desenvolvemento económico dos concellos que teñen delegadas as competencias en materia de recadación de xestión e inspección tributaria. Neste caso, o equipo de goberno trata de facer unha nova aplicación informática que sexa global, é dicir, que abrangan os tres aspectos que inciden nunha parte económica fundamental para despois as entregas a conta aos concellos. Estou a falar da aplicación globalizada de informática de Recadación, de Xestión e de Inspección Tributaria, por un importe de 842.000 euros. Cales son as razóns que levan a este equipo de goberno a levar a efecto esta partida que consideramos importante e que, con outras facetas que paralelamente se están a levar a cabo, como neste caso a reforma da Milagrosa para situar a unidade de Recadación, que estaba en alugueiro con anterioridade, como ben é sabido polas señoras e señores deputados, na Avenida do Exército, vanse levar a efecto nas bisbarras? Fundamentalmente vanse levar a efecto para unha mellora da calidade do servizo á nosa cidadanía, aos nosos cidadáns creando nas novas oficinas un servizo máis directo, e estar o que se di a pé de obra para atender distintos temas como recepción de documentos, que non afecten á recadación, facer un inicio de xestión tributaria, de

xestión catastral, e outras competencias que van mellorar o servizo de cara aos contribuíntes. En segundo lugar, mellorar o servizo aos propios concellos, que son usuarios tamén destes servizos delegados de recadación, xestión e inspección tributaria. Polo tanto, este expediente conta con esta novidade, entre outras, e tamén, como non, unha serie de investimentos no capítulo de Vías e Obras, que se irán materializando ao longo do exercicio, por algo máis de 4.300.000 euros.

Tamén se recupera, e se actualiza cunha partida, ou se está a actualizar, a enquisa de infraestruturas e equipamentos locais, unha partida que sendo 94.600 euros, é importante para actualizar os distintos aspectos con que contan os concellos da provincia.

Quero destacar tamén a provisión informática ás aulas municipais para o seu investimento, con algo máis de 167.000 euros, e igualmente un convenio coa Universidade para modernizar os aspectos informáticos dos distintos concellos. Quere dicir que as aulas informáticas que estaban dotadas no capítulo IV e no Programa 126-E con 550.000 euros para monitores, para monitores fundamentalmente, vanse ver incrementadas por unhas economías, algunhas delas rescatadas de exercicios anteriores. E como non, outras cantidades, nas cales non me vou estender, que sendo menores ou de maior contía, reflicten unha importancia para todo o desenvolvemento da provincia.

Queremos sinalar que, indubidabelmente, o cumprimento da Lei de estabilidade orzamentaria, a lei 18/2001, do 12 de decembro, lévase a efecto por distintos aspectos, que non me vou estender, técnicos, e que aparecen reflectidos nos informes correspondentes.

E xa para finalizar nesta primeira intervención, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, pensamos que este expediente nº 1 cumpre compromisos adquiridos por economías que quedaron sen adecuar correctamente o seu gasto, tanto en investimentos coma en transferencias, cunha importante economía para as vías provinciais e para a modernización dos servizos, e polo tanto, para a calidade de vida dos cidadáns e cidadás da provincia e a mellor interrelación cos concellos que comportan esta. Polo tanto, no nome do equipo de goberno, pido o voto favorábel para este expediente de modificación de créditos. Moitas grazas.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Antes de entrar na análise concreta do expediente de modificación de créditos, e dada a súa contía, parece lóxico que analicemos realmente cal é a situación financeira e que permite realizar un expediente desta natureza. Como acaba de resaltar o Sr. Lagares, efectivamente este é o resultado da liquidación do orzamento, como foi esta liquidación?, o remanente de Tesouraría global para gastos xerais foi de 116 millóns de euros, 116.635.906,14 €, e o remanente de Tesouraría para novos gastos de 43.231.769,09 €. Cando temos un remanente de Tesouraría para novos gastos de 43

millóns de euros, temos que preguntarnos, unha contía tan importante, que representou en definitiva a execución do orzamento de 2004 en relación aos orzamentos anteriores, e máis concretamente co orzamento de 2003 que era o último orzamento que correspondeu ao mandato do Partido Popular. E atopámonos cun dato que é realmente rechamante: o remanente de Tesouraría para novos gastos increméntase sobre o ano 2003 nun 93,31%, e o remanente de Tesouraría para gastos xerais increméntase nun 30,13%, que quere dicir isto?, que a execución orzamentaria do exercicio 2004 foi altamente deficiente. En definitiva, practicamente a metade do orzamento non foi gastado, e seguramente nin sequera, -aínda que non temos os datos, terémolos cando analicemos a conta xeral-, un 25% do orzamento nin sequera se comprometeu. Analizarémolo no seu momento cunha preocupación especial polos capítulos VI e VII, en definitiva os investimentos da Deputación e os investimentos dos concellos que, practicamente, se executaron mal, mal no sentido en que non se cumpriron e non se executou o orzamento.

O Sr. Lagares vén de dicir e reiterar unha declaración que é constante, queremos gastar menos para facer máis e mellor. Está claro que gastan menos, pero gastan menos, non porque sexa economía de gasto, porque son incapaces de executar un orzamento aprobado, iso é gastar menos, foron incapaces de executar un orzamento en moita peor medida que o orzamento de 2003 do Partido Popular no que hai que lembrar que á metade do ano, o orzamento tínhamos case as mans atadas ao lombo porque desde o mes de xuño até o mes de novembro non se puideron realizar novos gastos, foi o ano no que estaba o contencioso sobre a elección de deputados, e que os criterios de Intervención, desde que se celebraron as eleccións, impedíronos practicamente executar.

E os datos son claros. No exercicio 2004 as obrigas recoñecidas foron 140 millóns de euros sobre créditos definitivos de 264 millóns, que é un 53%, e no exercicio anterior, a pesar de que durante catro meses non puidemos facer ningún novo gasto, as obrigas foron 173 millóns, os créditos definitivos 278, e a relación de obrigas recoñecidas foi dun 62%, é dicir, un 9,11% máis que vostedes. E, por suposto, hai que recoñecer que a dedicación dos deputados do Partido Popular foi exemplar porque só había tres deputados con dedicación exclusiva, e vostedes teñen once, o resultado é brillante. Increméntase de 3 a 11 o número de deputados con dedicación exclusiva e conséguese reducir o nivel de execución orzamentaria a límites francamente preocupantes. Por suposto, isto é gastar menos, e traballar menos, e non gastar mellor en ningún caso. Realmente, a min paréceme que esta execución orzamentaria non merece outro cualificativo que claramente negativo porque os datos están aí, e non estou a facer xuízos de valor, estou a analizar porcentaxes de execución orzamentaria, porcentaxes de dedicación e, en definitiva, demostrar, os feitos demostran que vostedes executaron moito peor orzamento, foron incapaces de executar o 47% dos créditos e, en definitiva, non teñen precisamente unha xestión que cualifiquemos de brillante.

Entrando no tema xa concreto do expediente, obviamente, como consecuencia desta execución, está claro que este expediente de modificación de créditos o único que

tenta é executar agora o que non foron capaces de executar no seu momento dentro do ano. Son dez créditos extraordinarios por importe de 3.800.000 euros e 40 suplementos de crédito por importe de 15.000.002 euros. Estes 19 millóns en definitiva representan este expediente número 1, e quero resaltar que quedan aínda como remanentes libres, 31,3 millóns de euros, remanentes libres sen asignación orzamentaria. Dos expedientes de créditos extraordinarios, o 2, 3, 5, 7 e 10 son expedientes iniciados no exercicio anterior, e dos 40 suplementos de crédito, dicir que o 1, 2, 3, 6, 9, 10, 11, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 22, 24, 25, 26, 29, 30, 31, 32, 33, 36, 37,38 e 39 tamén corresponde a expedientes do exercicio anterior. En definitiva, coma os malos alumnos, no curso de repetición fan o traballo que non fixeron no curso ordinario.

Como vemos a situación sinalando, analizando os expedientes?, o número 1 trátanse créditos extraordinarios coa Fundación da Garda Civil, unha exposición sobre a Garda Civil fronte ao terrorismo pola liberdade e polas vítimas, obviamente a nosa posición é positiva, vaise celebrar na Casa da Cultura de Salvador de Madariaga, a Deputación pagaralle á Fundación 10.000 euros para a cesión da exposición, como tamén está realizada conxuntamente polo Concello da Coruña, agardemos que o Concello da Coruña contribúa tamén nesta exposición porque non figura nada na documentación de cal é a achega do concello, sexa ou non sexa, a nosa parécenos totalmente correcta.

Despois hai unha aplicación, un convenio coa Universidade da Coruña, para deseñar aplicacións nos telecentros da Coruña, dentro do convenio formalizado entre a FEMP e a entidade empresarial estatal Red.es, para aplicacións en todos os telecentros da provincia e para a elaboración dun Libro Branco para a elaboración dun software libre. Como isto tratarémolo, supoño, no tema das aulas informáticas, nunha moción que presentou o grupo municipal popular, falaremos despois máis amplamente deste tema desde unha perspectiva integral.

Hai, como sinalou o Sr. Lagares, un crédito de 840.000 euros para a nova aplicación integrada en Xestión Tributaria, Recadación e Inspección. No exercicio anterior este tema foi obxecto dunha atención especial, e fíxose o que parecía posíbel facer naquel momento, que era facer dialogar as aplicacións existentes entre elas, de tal maneira que o exercicio na Corporación anterior, conseguiuase que os concellos puidesen coñecer en liña o estado da súa xestión orzamentaria e, en definitiva, ter unha información ampla ao mesmo nivel que podían telo as deputacións máis avanzadas, sobre actuación. Porén, ese logro que nos parece que foi moi importante, obviamente partía sobre unhas aplicacións existentes, que eran históricas e foran o resultado dun traballo realizado, fundamentalmente polos propios servizos da Deputación, a través dunha acción constante dos servizos de Xestión, e Inspección e Recadación. Que se substitúa este traballo de artesanía por unha aplicación nova de mercado?, pois parécenos ben, parécenos ben porque, obviamente, a historia destas aplicacións desenvólvanse en momentos distintos, con sobras distintos, e polo tanto, isto representa un avance, pero non quería deixar de recordar que, a pesar da artesanía das aplicacións existentes, a Deputación da Coruña contaba cunhas aplicacións

informáticas ao máximo nivel, refírome de información cara o cidadán, cara o concello usuario destas aplicacións e cara a propia xestión, que permitía algo que realmente foi un obxectivo que se buscou e que se conseguiu, que desde calquera concello, en calquera momento se puidese saber quen eran eses contribuíntes, como estaba o estado de recadación, como estaban as súas aplicacións a conta e, en definitiva, a parte substancial estaba conseguida, independentemente de que, reitero, nos parece ben que se avance e que, cunha filosofía integral se vaia a unha aplicación única.

Despois está o mobiliario do Centro das Artes, que non se consignara o ano anterior, non estaba orzado nin en 2004, nin se orzou nada no exercicio corrente e que, polo tanto, nos parece correcto. O equipamento do Teatro Colón, que había un crédito de 1.650.000 euros que non se puido incorporar, que entra como crédito extraordinario, e que agora se incrementa en 1.854.000 euros. Isto é o máis destacábel dos créditos extraordinarios.

Nos suplementos de crédito engádense partidas para contratar seis educadores para o Fogar Infantil Emilio Romay e o Hospital Infantil de Ferrol; un Plan de seguridade informática para protección de datos; gastos de funcionamento do Consorcio; equipamento do Parque de Bombeiros das Pontes e Cee; obras en execución en distintos concellos; créditos de exercicio que estaban en situación dispoñíbel e remanentes non incorporábeis; mobiliario do edificio administrativo que estaba orzado en 2004 e quedou indispoñíbel, non incorporábel, no ano 2005 non se incorporara nada; o Centro das Artes para atender a obra pendente, xa que o crédito era insuficiente de 2005, que hai unha característica, había un crédito de 2003, de 3 millóns de euros, que non se incorporou a 2004, e precisamente por esa razón hai que poñelo agora en 2005, é dicir, non se incorporou en 2004, supoño que por algunha razón que eu descoñezo, e agora, claro, en 2005 hai que consígnalo. Mobiliario do Teatro Colón, 811.000 euros, orzáronse 670.000 pero quedou indispoñíbel, despois liquidacións de obras, asistencia a municipios e subvencións nominativas para atender á “Cociña” de Ferrol e aos créditos que sinalaba o Sr. Lagares, ao que nós nos reiteramos na nosa condolencia e o noso apoio, en todo caso, a Indonesia por mor do último terremoto, e en definitiva do que representou o tsunami, na cal penso que hai unha posición conxunta de todos os grupos.

Que estamos a ver?, é un expediente, como dicía, de suspensos en xuño e aprobados en setembro, ben, pois moi ben, está ben aprobar, é dicir, se non se fixeron no ano hai que facelos a través de suplementos de crédito ou créditos extraordinarios porque, en definitiva, a inmensa parte dos créditos que hai sinalados aí corresponden a créditos de orzamento de 2004, que non se executaron, ou no caso concreto do Centro das Artes, que en 2003 había unhas cantidades que non se incorporaron en 2004 e que agora hai que executar en 2005.

Pola tanto, a nosa posición sobre este expediente é positiva porque, en definitiva, trátase de cumprir un orzamento que quedou sen executar unha parte moi importante, e non ten máis análise que considerar. Moitas grazas.

Sr. Lagares Pérez

Agradezo a intervención do Sr. Rodríguez, aínda que respectándoa, non a comparto na súa totalidade. É evidente que os números moitas veces son testáns, son teimudos e que se utilizan de forma un pouco retorcida. O Sr. Rodríguez deunos unha lección académica de como se suspende en xuño e se aproba en setembro, veremos quen suspendeu porque o Centro das Artes, o Teatro Colón, o edificio administrativo, o Plan de deportes, as liquidacións do Plan 2000, o Plan de arquitectura popular 2000, o Plan de turismo da natureza e un longo etcétera que aparecen neste expediente de modificación de créditos, Sr. Rodríguez, Sres. do Partido Popular, este é un tema do pasado que hai que amañar, estamos tratando de o amañar, estamos tentando amañar as súas torpezas orzamentarias e de xestión, iso si que é un claro suspenso.

Falaba vostede de algo, entendíalle, algo que non se incorporou do ano 2003, de tres millóns cen mil e algo para o Centro das Artes; vostede non se decata de que iso é unha mala xestión por parte do equipo de goberno do Partido Popular que hoxe está na oposición?, non se decata de que as distintas liquidacións que aparecen nos documentos incorporados ao expediente de modificación de créditos son malas xestións do Partido Popular?, non se dan conta vostedes cando lles caeu o pavillón da Ponte do Porto de Camariñas, recentemente inaugurado por este equipo de goberno?, non se dan conta vostedes do edificio de usos múltiples de Muxía que lles caeu e que está en marcha a obra porque a xestionou debidamente este equipo de goberno?, e remendando tamén, que non se referiu a iso, os parques de bombeiros, onde a xestión, non a imos cualificar, pero cualifícase por si soa. Polo tanto, imos ver a quen lle hai que dar o suspenso e a quen non lle hai que dar o suspenso, as realidades están aí.

Preparamos un edificio das Artes que vai atrasado pola mala xestión do Partido Popular, que non había nin idea do que se ía facer con el; o edificio administrativo exactamente igual; o Teatro Colón, exactamente igual; o Teatro Colón, exactamente igual; o Consorcio de Bombeiros, e agora véñennos a dicir que nós suspendemos, é dicir, xeran un problema e realmente témolo que corrixir nós.

Sr. Rodríguez, eu moitas veces penso que vostede pensa unha cousa, di outra, e despois fai outra distinta, e isto si que é grave, porque non é unha contradición, son tres contradicións nunha, sería como o 3 en 1, aquel aparello que abría todos os parafusos e roscas, pois se son 3 en 1, pensemos en facer unha soa cousa, pensemos nunha cousa e fagamos esta.

Despois deunos unha lección da liquidación do orzamento, vexo que ten os números practicamente correctos, pero na conta xeral debateremos en profundidade as anomalías que acaba de expresar vostede, non é o momento de entrar nese debate, porque vexo que indubidabelmente o Partido Popular opta sabiamente por votar si a este expediente de modificación de créditos, o cal lle agradezo.

E xa dúas matizacións, sobre as aulas informáticas e sobre a aplicación de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria. Ao noso grupo alégranos que o Sr. Rodríguez e o Partido Popular se preocupe da modernización, a modernización que indubidabelmente estamos levando a efecto este equipo de goberno con seriedade, con rigor e que vexo que el se dá conta tamén de que estaban disconexas a xestión, a recadación e a inspección tributaria. O que se trata é de facer un traballo máis conxunto e de achegar un servizo máis perfecto á cidadanía, que son os contribuíntes da provincia, referíndonos, indubidabelmente, a aqueles que teñen delegado as competencias, e a aulas de informática están dotadas economicamente no orzamento do ano 2005, con “cinco mil cincocentos mil euros” e que indubidabelmente van estar destinadas, non soamente a monitores informáticos, senón a algo máis, porque hai concellos de tamaño pequeno que poden utilizar os monitores para outras circunstancias de tipo cultural ou de tipo deportivo.

Non lles vou facer un relato de todo o pasado económico que temos que recuperar por non executar debidamente esas economías, non é que haxa que incorporalos, é que queren que paremos o Teatro Colón ou o Centro das Artes?, eu penso que non, penso que non queren que se pare; é que non pensan que hai que liquidar as obras do Plan de deportes 2000 ou pagar os reformados que vostedes facían todos os días porque os proxectos estaban mal redactados?, é que non queren pechar o Plan de arquitectura popular 2000?, a resposta é si, por iso o seu voto é positivo, e por iso agradezo no nome do equipo de goberno esa sensatez diante disto.

Polo tanto, xa concluindo, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, e non sen volver a reiterar o agradecemento polo voto afirmativo do Partido Popular, quero destacar que este expediente non soamente vai corrixir determinadas desfasamentos económicos, senón que coa modernización, coa mellora nas vías provinciais, que indubidabelmente se necesita cada vez máis para os distintos plans de investimentos, de conservación, de travesías, etc., imos chegar, como dicía ao final da miña intervención, a unha mellor calidade de vida dos cidadáns e cidadás da provincia e, indubidabelmente, agradezo de novo o voto favorábel do grupo popular a este expediente. Moitas grazas.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Escoitando ao Sr. Lagares penso que imos necesitar un experto en suspensos porque, por moitos esforzos que vostede faga, como dixo moi delicadamente, xa falaremos da liquidación no seu momento, de verdade que vostedes executaron moito peor que o Partido Popular no orzamento do ano anterior, sabendo que no orzamento do ano 2003, desde xuño a novembro, non puidemos executar ningún gasto novo, se nos limitamos exclusivamente aos créditos orzamentarios, e cando vostede presume de gastar menos e mellor, non sei onde está ese menos, se vostede chama gastar menos a non cumprir ese orzamento, por suposto, teñen un sobresaliente case con matrícula de honra, sería matrícula de honra se gastasen o 20% do orzamento, non chegan a matrícula de honra, pero é un sobresaliente alto.

Nós penso que demostramos claramente que este é un expediente de continuidade, absolutamente de continuidade, agás pequenos detalles que expresan en definitiva unha mínima de accións novas, e que esa continuidade é resultado, simplemente, de non ter executado no orzamento 2004 as partidas correspondentes, é o que dixemos. Non temos ningunha amnesia, nin pensamos unha cousa, nin dicimos outra, non, o que dicimos é a verdade, claro está, que ás veces a verdade é moi difícil de entender. Nós defendemos uns determinados investimentos, o Teatro Colón, o Centro das Artes, e o Plan de arquitectura popular, moi ben, que pasou?, que vostedes no ano 2004 non orzaron mobiliario para o Centro das Artes orzaron agora, pero parécese moi ben, simplemente era un dato. Que a obra de tres millóns e pico de euros, que estaba consignada en 2003, vostedes non a incorporaron en 2004, e durante 2004 non tivo crédito específico e incorporouse agora, pois moi ben, xa llo dixemos nós. Pero a min o que me interesa é resaltar que practicamente o 90% do expediente, e non me equivoco en datos, corresponde a créditos 2004 non executados por vostedes, e por suposto pódolle dicir, por pór un exemplo que a min parécese especialmente significativo, que o Plan de estradas, no orzamento 2004 consignáronse seis millóns de euros para o Plan de estradas, executáronse, quedaron como dispoñíbeis, 3.436.000, que é o que se incorpora agora como crédito novo, é dicir, que vostedes, no orzamento 2004, e que eu saiba foron vostedes os responsábeis do Plan de estradas, deixaron 3.436.000 euros sen gastar, de 6 millóns, punto, iso non ten réplica ningunha, é a realidade.

Se vostede me di agora que nas obras que a Deputación vai asumir ou vai financiar, non vai haber nin reformados, nin liquidacións, Sr. Lagares, desde ese momento considéroo a vostede mellor que Santo Tomé, porque sabemos que iso é imposíbel, é que estou seguro que o nivel de reformados que se vai producir agora será máis ou menos o mesmo que se produciu até o momento. Agora, se vostede se compromete neste Pleno a dicir que nos expedientes da Deputación non vai haber reformados deste goberno, encantados de oír ese compromiso, pareceranos excelente, e por suposto non se preocupe que o comprobaremos todos os días.

En definitiva, deixando de lado discusións florais e dialécticas, o que hai realmente e certo é un nivel de execución moi baixo, inferior ao do Partido Popular no último goberno, a pesar de que como lle dixen reiteradamente, non se puido, non houbo capacidade de manobra durante case cinco meses, e que este expediente nós o aprobamos porque, en definitiva, corresponde a créditos, fundamentalmente do ano 2004, que son da súa competencia, pero que eran correctos, ou créditos do ano 2003 que estaban en execución por seren execucións de carácter plurianual, e ese é o sentido do noso voto positivo.

Sr. Lagares Pérez

Brevisamente. O Sr. Dositeo non nos pida que sexamos profetas, que profeticemos que non vai haber reformados nin liquidacións, nalgún momento

traerémoslle un estatística para ver os reformados, os reformados xa vostede sabe que as liquidacións de obra moitas veces son necesarias por determinadas circunstancias que son obvias, e que non imos debater aquí, non nos pida que sexamos profetas. O que si non é unha profecía é que hai temas que levan un atraso considerábel, porque os plans do ano 2000 non son competencia deste goberno, e imos tratar de os pechar, por pór un exemplo. Pero eu si lle rogaría que no próximo debate que teñamos, que preste por favor máis atención á miña intervención primeira, que lle falaba da liquidación do orzamento e falaba da incorporación dos remanentes do ano 2004 ao ano 2005, e falaba diso no inicio da miña intervención, e vostede sabe, e se non o sabe, voulo dicir eu, que hai determinados programas ou economías que non están tocadas, é dicir, que se se orzaron 200.000 euros, figuran 200.000 euros, hai que incorporalos ao primeiro expediente de modificación de créditos, que parece que non nos decatamos de cousas elementais, por distintas razóns, por exemplo o amoblamento do Teatro Colón está sen tocar porque a obra vai considerabelmente atrasada, e cales son os motivos?, ben non é o momento de falar aquí delas, hai que incorporalo inmediatamente e estaba reflectido no orzamento 2004, claro que non se xestionou iso, por que?, porque a obra vai atrasada, cales son as circunstancias?, que o Partido Popular e vostede saque as conclusións que estimen oportunas, por lle pór un exemplo. E simplemente dicirlle que agradezo de novo o seu voto favorábel e que moitas veces non hai que pensar unha cousa, dicir outra e facer outra. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Alégrome que recollese un pouco as velas cando falaba de reformados e liquidacións, porque se non, parecía que era o Partido Popular responsábel de ter moitos reformados e liquidacións, ese recollemento de velas paréceme razoábel.

Falaba vostede de programas do ano 2000, de arquitectura popular, mire vostede, é un programa que na nosa lexislatura nós tamén tentamos pechar nalgún momento, pero tratábase de obras de moitos concellos que estaban pendentes do ditame de Patrimonio da Xunta de Galicia, e parecíanos absolutamente negativo que un concello que estaba pendente dun ditame doutro organismo que non era competencia da Deputación, suprimirlle a consignación que tiña nese momento, e esperabamos en definitiva, como pasa aquí neste caso que vostedes presentan, que unha vez resoltos os aspectos de protección de Patrimonio, se puidese, efectivamente, realizar a obra. Pero iso non implica irresponsabilidade da Deputación, nin os que traen vostedes, nin os que tiñamos nós, senón simplemente que hai terceiros que teñen a función de control e que o seu ditame é absolutamente vinculante, e que mentres non se produza, non se pode realizar a obra, esa é a razón de que o Programa de arquitectura popular teña aínda no ano 2000 algunha consignación.

Vostede dáme a razón, en definitiva, cando di que se incorporaron ao primeiro expediente cousas que estaban do exercicio anterior, nós o que dixemos é que este é un expediente de continuidade que recollía créditos do ano 2004 que estaban sen executar, vostede vénnos a dicir o mesmo con palabras máis delicadas, pero empéñase en ser

vidente, a min iso de ser vidente complicame a vida, que eu penso unha cousa, digo outra e fago outra. Por suposto, esa videncia de vostede, Sr. Lagares, se me permite, cando acabe a reunión explicama con máis detalle, porque a verdade quedei abraiado. Moitas grazas.

Sr. presidente

Se me permiten, como o presidente ten o privilexio de pechar o debate, gustaríame dicir que, á hora de analizar a xestión económica da Deputación temos que ter en conta a propia estrutura da Deputación, a maior parte dos investimentos, dos gastos que temos son gastos que xestionan, investimentos que xestionan os concellos. No Pleno pasado aprobamos 36 millóns de euros de investimento, que non vai xestionar a Deputación, que xestionan os concellos. Polo tanto, é lóxico e é normal e é previsíbel que haxa un importante remanente de Tesouraría en cada exercicio, por que?, porque se aprobamos un Plan de estradas, aprobámolo agora, aprobámolo en xuño, non pagamos as certificacións até o próximo ano, co cal ese diñeiro que está comprometido está a ser xestionado, pero o pagamento non se fixo. O mesmo pasa co POS, son 24 millóns de euros do POS que non xestiona a Deputación, que xestionan os concellos, que se aproba o POS este ano, pero as certificacións mándanas os concellos o ano que vén, o mesmo pasa co POL. Polo tanto, gustaríame que se enmarcase a xestión financeira dentro da propia estrutura de funcionamento da Deputación provincial. Entón, si é certo o que dicía o Sr. Dositeo, que hai unha menor xestión neste ano que no ano pasado, e eu teño os datos aquí, se comparamos a xestión de pagamentos do ano 2004 e do ano 2003, vemos que hai unha diferenza de 8,03%, no ano 2004, 46,15 e no ano 2003, o 54,18, un 0,8% menos. Se tomamos o cen por cento para doce meses corresponde un 8,3% cada mes, se temos en conta que comezamos a xestionar o orzamento en abril, porque a Deputación se constituíu con seis meses de demora e non había orzamento, teríamos, é unha comparación, un 33% menos de xestión de pagamentos que no ano anterior, e porén temos o 8%.

E entón, é certo, Sr. Dositeo, que estamos a facer un esforzo por recuperar cuestións que veñen de atrás. O Plan de arquitectura popular é do ano 98 e é certo que moitas veces estaban sen executar porque estaba pendente de autorizacións de Patrimonio, autorizacións de Augas de Galicia, autorizacións doutros organismos, e nós o ano pasado mandámoslle unha carta a todos os concellos da provincia dicíndolle: “ten vostede pendente esta obra por realizar, dígame se a quere realizar ou non a quere realizar”, e daquela prevemos agora 700.000 euros para finalizar esas obras dun Plan de arquitectura popular, que veñen do ano 98, e claro, digo isto porque ás veces dá a impresión de que son créditos que non executamos no ano 2003 e que fixemos unha mala xestión. O mobiliario do Centro das Artes non se pode mercar o ano 2004, porque non se acabou, agora está previsto que se acabe a mediados deste ano, pois haberá que prever a adquisición do mobiliario.

O Teatro Colón mércase o escenario e o mobiliario, por que?, porque está previsto que se remate en outono, ben, pois é agora neste exercicio, este diñeiro non

estaba orzado no exercicio anterior e dicía isto para dicir que o importante de todo isto é que todos por unanimidade votamos a favor deste expediente de modificación de créditos, e que temos que ter en conta que, pola propia estrutura de funcionamento da Deputación e pola descentralización do gasto dos investimentos, sempre imos ter un remanente de Tesouraría importante. Nada máis, moitas grazas e damos por aprobado o punto nº 10 co voto favorábel de todos os grupos políticos aquí presentes.

ACORDO

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Despois de examinar o expediente e maila documentación que se presenta segundo o artigo 37 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, esta comisión adopta o seguinte acordo:

1º.- Recoñecer as obrigas de pagamento por importe total de 359,00 €, a favor das persoas físicas e xurídicas que a seguir se detallan, consonte co que establece o artigo 26 do Real decreto 500/90, do 20 de abril:

A favor de *OTERO TELECOM EMPRESAS,SL*, que corresponde á fra. nº FE01251 do 19 de outubro de 2004 por importe de 359,00 €, relativa a subministración dun teléfono móbil Motorola V600 libre para o xefe do gabinete da Presidencia.

2º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 1/05 de competencia do Pleno, que se tramita dentro do vixente orzamento xeral, por un importe de 19.122.641,93 € e que ofrece o seguinte resumo:

Aumentos:

CE. Créditos extraordinarios.....	3.800.271,67
SC. Suplementos de crédito	15.322.370,26

Total de aumentos:..... 19.122.641,93

Baixas (Financiamento):

BA. Baixas por anulación	57.000,00
RX. Remanente de tesourería para gastos xerais	19.065.641,93

Total de baixas: 19.122.641,93

3º.- Modificación da base 47ª de execución do orzamento provincial.

3º-1.-Incorporar ás subvencións nominativas recollidas na base 47ª do orzamento provincial do exercicio 2005 as que se enumeran a continuación, ao abeiro do disposto nos apartados a) e c) do artigo 22.2.d da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

APLIC. PRESUP.	BENEFICIARIO	OBXECTO E FINALIDADE	IMPORTE
0701/313M/780.99	Cocina económica de Ferrol	Revestimento da cuberta	29.507,00
0103/451L/489.99	Fundación Guardia Civil	Gastos de exposición	10.000,00
0104/330B/489.99	Fondo Galego de Coop.	Gts. func. proxectos desenvolvemento	25.000,00
0104/330B/489.99	Cruz Roja Española	Gts. func. proxectos reconstrución infraestr.	10.000,00
0104/330B/489.99	Fund.Tierra Hombres España	Adquisición 30 ciclomotores	10.000,00
0104/330B/489.99	Médicos del Mundo	Gastos atención persoal expatriado	25.000,00
0104/330B/489.99	Agamar	Reparacións aparellos pesca e equipam.	20.000,00

3º-2.-Modificar a aplicación orzamentaria da subvención nominativa para a Asociación “Axe-Río Mandeo”.

APLIC. PRESUP.	BENEFICIARIO	OBXECTO E FINALIDADE	IMPORTE
0305/711E/489.99	Asoc. Axe Río Mandeo	Prox.infor. xestión expl.agropecuaria	22.000,00

4º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularan reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

5º.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

11.-RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS Á PRIMEIRA FASE DA ANUALIDADE 2005 DO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL 2000-2006.

INTERVENCIÓNS

Sr. Torres Colomer

Para dicir que este punto número 11 e os seguintes, até o punto nº 18, que os imos votar a favor tamén o grupo popular, pero quería co seu permiso, Sr. presidente,

usar esta quenda de palabra e quizais por alusións ao equipo de goberno anterior, o equipo do Partido Popular, por unhas palabras vertidas aquí, vou ser moi breve, non vou abrir debate, nin vou entrar no do Centro da Artes, nin o do Teatro Colón, pero son unhas palabras que parece ser, ou dá a entender dalgunha forma, quero aclarar que o polideportivo de Ponte do Porto no Concello de Camariñas, que parece ser que caeu por culpa do equipo de goberno anterior, todos sabemos que caeu por un forte temporal e cando estaba na súa construción e cando cae un edificio éntrase nun contencioso, se verdadeiramente foi ese temporal, se foi defecto do proxecto polo arquitecto correspondente, se foi defecto de execución polo contratista, e entramos no contencioso e ese foi o motivo que se demorase, felicítámonos todos de que estea resolto ese tema, e simplemente, Sr. presidente, quería deixar claro ese tema, e insistir que do punto número 11 ao 18, ambos os dous inclusive, votaremos a favor.

ACORDO

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Visto o escrito das alegacións presentadas pola empresa Piscifactoría Berxa S.A.T., en relación coa aprobación da primeira fase da anualidade 2005 do Programa operativo local 2000-2006 e o do seu Plan complementario, aprobado polo Pleno desta Deputación na sesión que tivo lugar o 24 de febreiro de 2005, e cuxo anuncio da súa exposición pública foi publicado no BOP nº 53 do 7 de marzo de 2005, no que se inclúe a obra do Concello de Mesía “Captación e acondicionamento ETAP en Mesía”, código 05.2300.0166.0, cun presuposto de contrata de 115.451,01 €.

Tendo en conta que as alegacións presentadas se fundamentan en que a citada empresa é titular dunha concesión de 520 litros/segundo outorgada mediante Resolución do 24 de xaneiro de 1991 da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, e que o citado proxecto do Concello de Mesía inclúe unha captación de augas no río Samo, para o cal lle outorgou Augas de Galicia unha concesión de caudal de 14 litros/segundo, foron autorizadas as obras necesarias para o seu aproveitamento.

Tendo en conta igualmente que se alega que non se lle deu trámite de audiencia como posible prexudicado á empresa Piscifactoría Berxa S.A.T.

Considerando que o Concello de Mesía, solicitante das obras, presentou nesta Deputación a documentación acreditativa da existencia dunha concesión outorgada por Augas de Galicia de 14 litros/segundo, procedentes do río Samo, con destino ao abastecemento de auga a diversas parroquias do municipio, e no que se autoriza realizar as obras necesarias para o dito aproveitamento.

1.- DESESTIMAR as alegacións presentadas pola empresa Piscifactoría Berxa S.A.T., contra o acordo plenario desta Deputación do 24 de febreiro de 2005, relativo á

aprobación da primeira fase da anualidade 2005 do Programa operativo local obxectivo 1 2000-2006, no que se incluían unha serie de obras para executar en diversos concellos da provincia da Coruña, entre as que figura a obra do Concello de Mesía “Captación e acondicionamento ETAP en Mesía”, por figurar no expediente o escrito de Augas de Galicia polo que tras a realización dunha serie de trámites de información e exposición pública, outórgase ao Concello de Mesía unha concesión de augas públicas procedentes do río Samo con destino ao abastecemento de auga a varias parroquias do Concello, e autorízase á realización das obras necesarias para o dito aproveitamento.

En consecuencia, considerar definitivamente aprobada a primeira fase da anualidade 2005 do Programa operativo local obxectivo 1 2000-2006.

2.- SUSPENDER a contratación da obra “Captación e acondicionamento ETAP en Mesía”, código 05.2300.0166.0, cun presuposto de contrata de 115.451,01€, do Concello de Mesía, até que se aclare a situación, polo que se solicita información desta obra a Aguas de Galicia e ao Concello de Mesía.”

12.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “CAMPO DE FÚTBOL DE CABALEIROS – MÓDULOS 2 E 6A” DO CONCELLO DE TORDOIA, INCLUÍDA NA 4ª E ÚLTIMA FASE DA ANUALIDADE 2001 DO PLAN 2000 DEPORTES 1998-2001, CÓDIGO 01.3420.0154.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vista a solicitude do Pleno de Concello de Tordoia, do 30-03-2004, tocante á modificación do proxecto técnico da obra “Campo de fútbol de Cabaleiros - módulo 2 (vestiarios e bancadas) e módulo 6a (terreo de herba natural)” que fora aprobado dentro da 4ª fase e derradeira da anualidade 2001 do Plan 2000 deportes polo Pleno da Deputación do 28-03-2003, no senso de que se substitúan os citados módulos polo de terreo de xogo de herba artificial.

Visto o informe técnico emitido con data do 14-02-2005, polo Servizo Provincial de Arquitectura, xustificativo das modificacións contidas neste proxecto reformado da obra, así como a restante documentación xustificativa da modificación que se formula.

1ª) Aprobar o proxecto técnico reformado da obra “Campo de fútbol de Cabaleiros”, do Concello de Tordoia, código 01-3420-0154.0, redactado polo Servizo Provincial de Arquitectura cuxo orzamento de contrata por importe de 333.999,99 euros non experimenta incremento económico ningún respecto ao proxecto técnico da obra que aprobou o Pleno da Deputación o 28-03-2003, pero que supón a substitución do terreo de xogo de herba natural e vestiarios e bancadas por un campo de herba artificial.

Os datos de financiamento do proxecto reformado son os seguintes:

Proxecto reformado : código 01.3420.0154.0	
	Orzamento contrata
Deputación	292.259,70
Concello P. 2000 Infraest.	41.740,29
Total	333.999,99

2º.- Condicionar a aprobación deste proxecto técnico reformado da obra á aprobación definitiva do Expediente de modificación de crédito núm. 1/2005, no que se suplementará crédito dabondo na partida 0501/452D/60189 do Plan 2000 deportes 1998-2001 para o seu financiamento, e que se someterá á aprobación do Pleno da deputación na mesma sesión plenaria á que tamén se someterá a aprobación do presente expediente.

3º.- Someter este expediente a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se consideren oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non se presentaren alegacións ou reclamacións ao acordo, entenderase definitivamente aprobado".

13.-INTEGRACIÓN DA DEPUTACIÓN COMO PATRÓN INSTITUCIONAL DA FUNDACIÓN GALICIA EMIGRACIÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar a integración da Deputación Provincial da Coruña, como Patrón institucional, na “Fundación Galicia Emigración”, atendendo ao interese xeral que concorre nos obxectivos e finalidades desta.

2.- Designar un deputado provincial para que represente á Excma. Deputación Provincial da Coruña nas reunións do Padrón da Fundación.”

14.-DESIGNACIÓN DUN DEPUTADO PROVINCIAL PARA QUE REPRESENTA Á EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA NAS REUNIÓN DO PADROADO DA FUNDACIÓN GALICIA EMIGRACIÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Designar o presidente desta Corporación para que represente á Excm. Deputación Provincial da Coruña nas reunións do Padroado da Fundación “Galicia Emigración”

15.- APROBACIÓN DO PROXECTO INTERREG III.A TURMAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“De conformidade coa Resolución da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios e Financiamento Territorial con data do 17 de novembro de 2003 publicada no BOE núm. 284 do 27 de novembro de 2003 pola que se convocan axudas do FEDER correspondentes ao programa España-Portugal da iniciativa comunitaria INTERREG IIIA, dentro do período de programación de Fondos estruturais 2000/2006 e visto o escrito da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios con data do 9 de agosto de 2004 na que se comunica a concesión dunha axuda FEDER de 1.864.000 € aos proxectos MAS e TURIS baixo a condición de que ambos os dous fosen reformulados nun único proxecto, dentro do eixe 2 “Valorización, promoción e conservación ambiental e dos recursos patrimoniais e naturais”, medida 2.1 do subprograma Galicia-Norte de Portugal “sostibilidade ambiental”, que se concreta por esta Deputación nun único proxecto denominado “TURMAS”.

E vistos os informes do Gabinete de Planificación e Control, Patrimonio e Contratación, conformado pola Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización

P R O C E D E

1º.- Aprobar o proxecto TURMAS e as accións e obxectivos que comprende cuxo detalle é o seguinte, apreciando que concorren causas xustificadas para seleccionar estas actuacións:

DESCRIPCIÓN XERAL DAS ACCIÓNS DO PROXECTO:

Co proxecto TURMAS trátanse de acadar os seguintes **obxectivos** :

- 1 Promover a valorización de espazos naturais de uso común.
- 2 Promover a actividade turística asegurando a protección e a valorización do medio natural, o patrimonio natural, cultural, arquitectónico, histórico e etnográfico.
- 3 Potenciar a integración entre o medio natural e as actividades económicas, especialmente co turismo.
- 4 Cualificar os recursos humanos do sector turístico para mellorar a competitividade, tanto da oferta existente como da nova vinculada a formas alternativas de turismo (ecoturismo, agroturismo, etc.)

Para lograr os mencionados obxectivos, o contido do proxecto artículase arredor de **tres áreas de actuación** :

- Área de conservación ambiental e promoción turística: a súa finalidade é tripla xa que pretende conservar e valorizar os recursos ambientais da zona, promover os recursos endóxenos dos distintos territorios implicados baixo unha identidade común como principal elemento de atracción turística; e, por último, favorecer a cooperación entre as empresas, entidades e organismos que inciden no desenvolvemento económico local sostíbel e, en particular, no desenvolvemento do sector turístico.
- Área de formación : preténdese contribuír á profesionalización do sector mediante a formación de especialistas en turismo ambiental, e favorecer a mellora competitiva das empresas ligadas ao turismo ambiental.
- Área de sensibilización e difusión: o seu obxectivo é contribuír á divulgación do contido do proxecto, potenciando o maior nivel de participación posíbel e impulsando as relacións bilaterais de cooperación entre os territorios.

A estruturación do proxecto por fases é a seguinte:

ACCIÓNS	ORZAMENTO
FASE 1. PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO	
1. Protocolo	15.000,00€
FASE 2. DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS	
2.1. AXENDAS LOCAIS 21	
2.1.1. Diagnóstico	463.500,00€
2.1.2. Elaboración liñas estratéxicas	100.764,57€
TOTAL	564.264,57€
2.2. RECUPERACIÓN DE PATRIMONIO	
2.2.1. Recuperación de patrimonio artístico ou ambiental	861.785,43€
TOTAL	861.785,43€
2.3. ACCIÓNS DE PROMOCIÓN TURÍSTICA	
2.3.1. Estudo de protección e educación ambiental	135.000,00€
2.3.2. Promoción e dinamización turística sostíbel	515.634,98€
- Deseño de itinerarios turísticos	126.000,00€
- Catálogo de recursos endóxenos	83.634,98€
- Actuacións de información turística	210.000,00€
- Mapa de sinalización turística	96.000,00€
TOTAL	650.634,98€
2.4. ÁREA DE FORMACIÓN	

2.4.1. Profesionalización de axentes en novos oficios culturais e ambientais	42.960,00€
2.4.2. Formación especialización animación turístico-cultural	36.720,00€
2.4.3. Taller de educación ambiental	35.280,00€
TOTAL	114.960,00€

2.5. SENSIBILIZACIÓN E DIFUSIÓN

2.5.1. Xornadas de presentación e cierre do proxecto	20.000,00€
2.5.2. Páxina web do proxecto	27.840,00€
2.5.4. Folletos e publicacións	30.000,00€
TOTAL	77.840,00€

FASE 3. COORDINACIÓN E AVALIACIÓN

3.1. Coordinación	97.500,00€
3.2. Avaliación	18.000,00€
3.3. Reunións transnacionais	12.960,00€
TOTAL	128.460,00€

5. GASTOS XERAIS

5.1. Gastos xerais	72.388,35€
TOTAL	72.388,35€

TOTAL PROXECTO	2.485.333,33€
-----------------------	----------------------

2º.-Aprobar a distribución financeira do proxecto por entidade participante, e cuxo detalle se describe de seguido:

No seguinte cadro detállanse os importes totais de actuación para cada unha das entidades socias participantes. Todas as achegas compóñense dunha achega do 75% correspondente ao Fondo estrutural FEDER e do 25% correspondente a fondos propios.

ENTIDADE	Achega comunitaria FEDER (75%)	Achega entidade (25%)	TOTAL (cantidades en euros)
Deputación Provincial da Coruña	100.000	33.333,33	133.333,33
Concello de Cabana de Bergantiños	50.000	16.666,67	66.666,67
Concello de Camariñas	50.000	16.666,67	66.666,67
Concello de Carballo	50.000	16.666,67	66.666,67
Concello de Carnota	50.000	16.666,67	66.666,67
Concello de Cee	50.000	16.666,67	66.666,67
Concello de Corcubión	50.000	16.666,67	66.666,67
Concello de Dumbria	50.000	16.666,67	66.666,67
Concello de Fisterra	50.000	16.666,67	66.666,67
Concello da Laracha	50.000	16.666,67	66.666,67
Concello de Laxe	50.000	16.666,67	66.666,67
Concello de Malpica de Bergantiños	50.000	16.666,67	66.666,67
Concello de Muxía	50.000	16.666,67	66.666,67
Concello de Ponteceso	50.000	16.666,67	66.666,67

Concello de Vimianzo	50.000	16.666,67	66.666,67
Concello de Boiro	50.000	16.666,67	66.666,67
Concello de Lousame	50.000	16.666,67	66.666,67
Concello de Muros	50.000	16.666,67	66.666,67
Concello de Noia	50.000	16.666,67	66.666,67
Concello de Outes	50.000	16.666,67	66.666,67
Concello de Porto do Son	50.000	16.666,67	66.666,67
Concello de Rianxo	50.000	16.666,67	66.666,67
Cámara Municipal de Caminha	344.000	114.666,67	458.666,67
Cámara Municipal de Esposende	90.000	30.000	120.000
Cámara Municipal de Viana do Castelo	260.000	86.666,67	346.666,67
Instituto Conservação Natureza. Área Paisagem Protegida do Litoral de Esposende	20.000	6.666,67	26.666,67
TOTAL PROXECTO	1.864.000	621.333,41	2.485.333,41

3º. Aprobar a concreción de accións por socio, e o orzamento detallado e descrición do réxime de execución previsto no plan financeiro das fichas de proxecto remitidas ao FEDER.

3.1. Deputación Provincial da Coruña:

Aceptar a designación da Deputación, como xefe de fila do proxecto, sendo en consecuencia, a entidade responsábel do proxecto perante a autoridade de xestión (a Dirección Xeral de Fondos Comunitarios da Secretaría de Estado de Facenda e Orzamentos Ministerio de Economía e Facenda) e a autoridade de pagamento (a Direcção-Geral do Desenvolvemento Regional de Portugal).

Como xefe de fila, a Deputación deberá coordinar o traballo do resto dos socios.

En consecuencia, entre as obrigas da Deputación están as seguintes:

- 5 Solicitar os pagamentos intermedios e final da axuda FEDER.
- 6 Unha vez recibido o importe da parte certificada, transferir as contías a cada un dos socios.
- 7 Garantir perante a autoridade de xestión a existencia e dispoñibilidade dunha contabilidade diferenciada para o proxecto.

- 8 Fornecer información periódica do avance físico, administrativo e financeiro do proxecto.

Ademais, a Deputación participa na execución de tres accións do proxecto:

- Protocolo de funcionamento :

Levarase a cabo o debate e aprobación dun protocolo que asegure o funcionamento de todos os socios baixo uns criterios comúns.

- Sensibilización e difusión :

Organización das xornadas de presentación e cierre do proxecto, páxina web, folletos e publicacións.

- Coordinación e avaliación :

Realización de actuacións de carácter transversal ao longo de todo o proxecto destinadas a asegurar o seu correcto desenvolvemento, así como o traballo efectivo dos socios en común e a mellora continua dos traballos. Neste sentido, tanto a coordinación como a avaliación, interna e externa, son dous elementos claves, xunto coas reunións de traballo transnacionais para asegurar o cumprimento dos obxectivos propostos.

Acción	Orzamento € (100%)	Tipo de gasto	Réxime de execución
Protocolo de funcionamento	600,00€	gastos de persoal	adm.directa
	18,00€	gastos xerais	adm.directa
Sensibilización e difusión	48.038,84€	prestacións de servizos/promoción e difusión	concurso público
	1.441,17€	gastos xerais	adm.directa
Coordinación e avaliación	4.380,00€	gastos de persoal	adm.directa
	2.424,33€	gastos xerais	adm.directa
	4.380,00€	outros (viaxes)	adm.directa
	59.893,91€	prestacións de servizos	concurso público
	12.157,09€	avaliación externa	concurso público

3.2. Concellos da provincia da Coruña.

Os 21 municipios socios da provincia da Coruña participan na execución de seis accións do proxecto:

- 9 Protocolo de funcionamento .

- 10 Axendas locais 21 : abordarase o diagnóstico previo necesario para a definición da Axenda Local 21 de cada municipio, así como o establecemento de prioridades ou liñas estratéxicas de actuación. Nos municipios nos que xa estea en marcha esta acción, o proxecto servirá para a implementación e posta en marcha das conclusións dos diagnósticos previos.
- 11 Recuperación de patrimonio artístico ou ambiental : esta liña de actuación ten como finalidade a recuperación de elementos do patrimonio, xa sexa artístico ou ambiental existentes nas zonas de actuación do proxecto. A elección dos elementos patrimoniais realizárona os técnicos municipais, seguindo os criterios de elixibilidade do programa Interreg III A España-Portugal.
- 12 Accións de promoción turística : dentro desta liña inclúense as seguintes actuacións:
- *Estudo de ordenación, protección e educación ambiental* : a finalidade deste estudo é potenciar a protección do medio natural, especialmente dos espazos que están danados e en desuso, así como resaltar a riqueza e particularidades dos recursos naturais das zonas asociadas ao proxecto favorecendo a súa posta en valor.
 - *Deseño de rutas turísticas* : deseño de camiños (rutas de sendeirismo, etc.) que ofrezan ao turista a posibilidade de coñecer os lugares de interese, a gastronomía, a historia e a arte das diferentes rexións que forman parte do proxecto.
 - *Catálogo de recursos endóxenos* : a finalidade desta acción é elaborar un documento, a partir dos estudos realizados e da información recollida, que sistematice os recursos culturais, naturais e ambientais de cada territorio asociado. O catálogo publicarase en cada un dos idiomas dos socios e aloxarase nun espazo específico dentro da páxina web do proxecto.
 - *Información e sinalización* : cada socio seleccionará aqueles puntos que carezan de sinalización, que requiran dunha especializada -por formar parte dunha ruta específica ou dun circuito prefixado-, ou que resulten de interese para os turistas.
- 13 Área de formación : co obxecto de dinamizar o sector turístico mediante a cualificación dos profesionais, realizaranse tres accións:
- *Profesionalización de axentes en novos oficios culturais e ambientais* : cursos de especialización que terán unha duración media aproximada de 120 horas. Serán cursos eminentemente prácticos e o alumnado recibirá un diploma acreditativo.
 - *Formación de especialización de animadores turístico cultural* : formación especializada de animadores turístico-culturais, que favorezan a posta en marcha de iniciativas turísticas de carácter cultural respectuosas cos recursos existentes.

- *Taller de educación ambiental* : transmisión de coñecementos e valores ambientais de cara á adopción de actitudes positivas cara o medio natural e social que se traduzan en accións de coidado e respecto pola diversidade biolóxica e cultural.

14 Coordinación e avaliación .

O orzamento asignado para cada un dos municipios distribúese segundo o seguinte cadro:

Acción	Orzamento € (100%)	Tipo de gasto	Réxime de execución
Protocolo de funcionamento	600,00€	gastos de persoal	adm.directa
	18,00€	gastos xerais	adm.directa
Axendas locais 21	19.764,70€	prestación servizos	concurso público
	1.937,78€	gastos de persoal	adm.directa
	651,07€	gastos xerais	adm.directa
Recuperación de patrimonio artístico ou ambiental	19.808,83€	obras públicas	adm.directa
	594,26€	gastos xerais	adm.directa
Accións de promoción turística	11.801,63€	prestación servizos	concurso público
	4.013,76€	obras públicas	adm.directa
	3.182,34€	gastos de persoal	adm.directa
	569,93€	gastos xerais	adm.directa
Área de formación	3.295,97€	formación	concurso público
	98,88€	gastos xerais	adm.directa
Coordinación e avaliación	320,00€	gastos de persoal	adm.directa
	9,60€	gastos xerais	adm.directa

3.3. Cámara Municipal de Caminha.

Acción	Orzamento € (100%)	Tipo de gasto	Réxime de execución
Protocolo de funcionamento	600,00€	gastos de persoal	adm.directa
	18,00€	gastos xerais	adm.directa
Axendas locais 21	45.529,41€	prestación de servizos	concurso público
	3.875,56€	gastos de persoal	adm.directa
	1.392,15€	gastos xerais	adm.directa
Recuperación de patrimonio artístico ou ambiental	222.500,00€	obras públicas	adm.directa
	6.675,00€	gastos xerais	adm.directa

Accións de promoción turística	84.096,31€	prestación de servizos	concurso público
	27.614,68€	obras públicas	adm.directa
	23.894,50€	gastos de persoal	adm.directa
	4.068,16€	gastos xerais	adm.directa
Área de formación	22.675,60€	formación	concurso público
	680,27€	gastos xerais	adm.directa
Sensibilización e difusión	4.118,95€	prestación de servizos	concurso público
	3.702,44€	promoción e difusión	concurso público
	234,64€	gastos xerais	adm.directa
Coordinación e avaliación	1.400,00€	gastos de persoal	adm.directa
	291,00€	gastos xerais	adm.directa
	700,00€	viaxes	adm.directa
	6.212,81€	prestación de servizos	concurso público
	1.387,19€	avaliación externa	concurso público

3.4. Cámara Municipal de Esposende.

Acción	Orzamento € (100%)	Tipo de gasto	Réxime de execución
Protocolo de funcionamento	600,00€	gastos de persoal	adm.directa
	18,00€	gastos xerais	adm.directa
Axendas locais 21	16.764,70€	prestación de servizos	concurso público
	1.937,78€	gastos de persoal	adm.directa
	561,07€	gastos xerais	adm.directa
Recuperación de patrimonio artístico ou ambiental	55.000,00€	obras públicas	adm.directa
	1.650,00€	gastos xerais	adm.directa
Accións de promoción turística	5.090,69€	prestación de servizos	concurso público
	5.224,77€	obras públicas	adm.directa
	3.728,21€	gastos de persoal	adm.directa
	421,31€	gastos xerais	adm.directa
Área de formación	5.932,57€	formación	concurso público
	177,98€	gastos xerais	adm.directa
Sensibilización e difusión	1.077,63€	prestación de servizos	concurso público
	11.448,50€	promoción e difusión	concurso público
	375,78€	gastos xerais	adm.directa

Coordinación e avaliación	1.400,00€	gastos de persoal	adm.directa
	291,00€	gastos xerais	adm.directa
	700,00€	viaxes	adm.directa
	6.212,81€	prestación de servizos	concurso público
	1.387,19€	avaliación externa	concurso público

3.5 Cámara Municipal de Viana do Castelo

Acción	Orzamento € (100%)	Tipo de gasto	Réxime de execución
Protocolo de funcionamento	600,00€	gastos de persoal	adm.directa
	18,00€	gastos xerais	adm.directa
Axendas locais 21	39.529,41€	prestación de servizos	concurso público
	3.875,56€	gastos de persoal	adm.directa
	1.302,15€	gastos xerais	adm.directa
Recuperación de patrimonio artístico ou ambiental	168.300,00€	obras públicas	adm.directa
	5.049,00€	gastos xerais	adm.directa
Accións de promoción turística	43.213,68€	prestación de servizos	concurso público
	22.871,56€	obras públicas	adm.directa
	16.548,17€	gastos de persoal	adm.directa
	2.479,00€	gastos xerais	adm.directa
Área de formación	17.138,53€	formación	concurso público
	514,16€	gastos xerais	adm.directa
Sensibilización e difusión	3.113,16€	prestación de servizos	concurso público
	2.350,51€	promoción e difusión	concurso público
	163,91€	gastos xerais	adm.directa
Coordinación e avaliación	1.400,00€	gastos de persoal	adm.directa
	570,87€	gastos xerais	adm.directa
	700,00€	viaxes	adm.directa
	14.207,68€	prestación de servizos	concurso público
	2.721,32€	avaliación externa	concurso público

3.6. Instituto da Conservação da Natureza. Área de Paisagem Protegida do Litoral de Esposende.

Acción	Orzamento € (100%)	Tipo de gasto	Réxime de execución
Accións de promoción turística	19.400,00€	prestación de serv.	concurso público
	582,00€	gastos xerais	adm.directa
Sensibilización e difusión	3.989,97€	promoción e difusión	concurso público
	119,70€	gastos xerais	adm.directa
Coordinación e avaliación	75,00€	gastos xerais	adm.directa
	2.500,00€	prestación de serv.	concurso público

4º.- Aprobar o texto do acordo entre socios do proxecto ([anexo I](#)).

5º.- Aprobar o acordo entre a autoridade de xestión e o xefe de fila ([anexo II](#)).

6º.- Os acordos que anteceden quedan condicionados á entrada en vigor das modificacións de crédito necesarias para a cobertura da dotación provincial.

7º.- Facultar ao presidente da Corporación para a execución do presente acordo.”

MODELO DE ACORDO ENTRE SOCIOS

PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO: TURISMO E MEDIO NATURAL SOSTÍBEL

ACRÓNIMO : TURMAS

REUNIDOS:

D. Salvador Fernández Moreda en calidade de presidente da Deputación Provincial da Coruña, designado polo presente documento como xefe de fila do proxecto,

D. José Ramón Varela Rey en calidade de alcalde-presidente, representante legal do Concello de Malpica de Bergantiños, como socio do proxecto,

D. José Manuel Traba Fernández en calidade de alcalde-presidente, representante legal do Concello de Fisterra, como socio do proxecto,

D. José Manuel Pequeño Castro en calidade de alcalde-presidente, representante legal do Concello de Dumbria, como socio do proxecto,

D. José Manuel López Varela en calidade de alcalde-presidente, representante legal do Concello da Laracha, como socio do proxecto,

D. José Muño Domínguez en calidade de alcalde, representante legal do Concello de Cabana de Bergantiños, como socio do proxecto,

D. José Luis Fondo Aguiar en calidade de alcalde-presidente, representante legal do Concello de Ponteceso, como socio do proxecto,

D. José Antonio Domínguez García en calidade de alcalde-presidente, representante legal do Concello de CEE, como socio do proxecto,

D. Antón Carracedo Sacedón en calidade de alcalde-presidente, representante legal do Concello de Laxe, como socio do proxecto,

D. Alberto Blanco Rodríguez en calidade de alcalde-presidente, representante legal do Concello de Muxía, como socio do proxecto,

D. Xosé Manuel García Martínez en calidade de alcalde-presidente, representante legal do Concello de Carnota, como socio do proxecto,

D. Juan Bautista Santos Ramos en calidade de alcalde-presidente, representante legal do Concello de Camariñas, como socio do proxecto,

D. Alejandro Rodríguez Lema en calidade de alcalde-presidente, representante legal do Concello de Vimianzo, como socio do proxecto,

D. Francisco Javier Lema Fontes en calidade de alcalde-presidente, representante legal do Concello de Corcubión, como socio do proxecto,

D. Evencio Ferrero Rodríguez en calidade de alcalde-presidente, representante legal do Concello de Carballo, como socio do proxecto,

D^a. Caridad González Cerviño en calidade de alcaldesa-presidenta, representante legal do Concello de Muros, como socio do proxecto,

D. Antonio Pérez Ínsua en calidade de alcalde-presidente, representante legal do Concello de Noia, como socio do proxecto,

D. José Santiago Freire Abeijón en calidade de alcalde-presidente, representante legal do Concello de Lousame, como socio do proxecto,

D. Xosé Deira Triñanes en calidade de alcalde-presidente, representante legal do Concello de Boiro, como socio do proxecto,

D. Carlos López Crespo en calidade de alcalde-presidente, representante legal do Concello de Outes, como socio do proxecto,

D. Pedro Piñeiro Hermida en calidade de alcalde-presidente, representante legal do Concello de Rianxo, como socio do proxecto,

D. Ramón Quintáns Vila en calidade de alcalde-presidente, representante legal do Concello de Porto do Son, como socio do proxecto,

D. Fernando Joao Couto Cepa en calidade de presidente, representante legal da Cámara Municipal de Esposende, como socia do proxecto,

D^a. Julia Paula Pires Pereira Costa en calidade de presidenta da Cámara, representante legal da Cámara Municipal de Caminha, como socia do proxecto,

D. Defensor Oliveira Moura en calidade de presidente, representante legal da Cámara Municipal de Viana do Castelo, como socia do proxecto,

D. Joao Silva e Costa en calidade de presidente da Dirección do ICN, representante legal da Área de Paisagem Protegida do Litoral de Esposende-Instituto de Conservação da Natureza, como socia do proxecto,

VISTO o Regulamento (CE) n. 1260/1999 do Consello do 21 de xuño de 1999 polo que se establecen as disposicións xerais sobre Fondos Estruturais que contempla no artigo 20 a Interreg como unha das iniciativas comunitarias destinatarias de financiamento a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), e o artigo 21 que establece que a Comisión adoptará para cada iniciativa as orientacións nas que se describan os obxectivos, o

ámbito de aplicación e as modalidades adecuadas de aplicación,

VISTA a Comunicación da Comisión aos Estados Membros C(2000) 143/08 do 28 de abril de 2000, que establece as orientacións da Iniciativa Comunitaria Interreg III e, en concreto, o anexo 1, onde se fai mención ás zonas subvencionábeis no capítulo A e que para o Programa “España – Portugal” son: Badaxoz, Cáceres, Huelva, Ourense, Pontevedra, Salamanca e Zamora en España, e Alentejo Central, Algarve, Alto Alentejo, Alto Tras-os-Montes, Baixo Alentejo, Beira Interior Norte, Beira Interior Sul, Cavado, Douro e Minho – Lima en Portugal,

VISTO o programa da Iniciativa Comunitaria Interreg III A España – Portugal, aprobado pola Comisión Europea mediante a decisión C(2001) 4127 do 19 de decembro de 2001 que define os obxectivos e as finalidades da cooperación entre as rexións subvencionábeis,

VISTA a convocatoria aprobada polo Comité de Seguimento do Programa na súa reunión do día 26 de setembro de 2003 e pola cal se establecen as modalidades de presentación dos proxectos para ao seu financiamento con cargo ao PIC Interreg III A España – Portugal,

SE TEMOS EN CONTA que os asinantes do presente convenio redactaron de forma conxunta o proxecto TURISMO E MEDIO NATURAL SOSTÍBEL para o cal solicitan financiamento con cargo ao PIC Interreg III A España – Portugal, e en concreto no seu eixe 2. “Valorización, promoción e conservación ambiental e dos recursos patrimoniais e naturais” e medida 2.1. “Sostibilidade ambiental, espazos naturais, recursos hidráulicos e xestión forestal”,

SE TEMOS EN CONTA que segundo a Comunicación C(2000) 143/08 anteriormente citada, no seu punto 31, no caso de operacións que impliquen socios de diferentes estados membros, o beneficiario final será o interlocutor responsábel da operación (xefe de fila), o cal será o encargado da xestión financeira e da coordinación dos diversos interlocutores da operación. Así mesmo asumirá a responsabilidade financeira e xurídica perante a autoridade de xestión. O xefe de fila establecerá cos seus socios, se é o caso en forma de acordo, o reparto das responsabilidades no marco da operación,

SE TEMOS EN CONTA que o programa da Iniciativa Comunitaria Interreg III A España – Portugal no seu epígrafe 5.4.1 prevé a sinatura dun acordo que regule as relacións entre os socios e o xefe de fila dos proxectos,

CONVEÑEN:

ARTIGO 1 – OBXECTO

O presente convenio define as modalidades de cooperación entre as partes asinantes e determina as súas responsabilidades respectivas na execución do proxecto de cooperación transfronteiriza denominado: TURISMO E MEDIO NATURAL SOSTÍBEL (TURMAS) cuxo contido foi aprobado por todos os socios.

A solicitude de financiamento público con cargo ao eixe 2. “Valorización, promoción e conservación ambiental e dos recursos patrimoniais e naturais”, medida 2.1. “Sostibilidade ambiental, espazos naturais, recursos hidráulicos e xestión forestal”, a ficha de proxecto e os seus respectivos anexos forman parte do presente convenio.

O proxecto prevé un custo total elixíbel de 2.485.333,33 EUROS .

ARTIGO 2 – DESIGNACIÓN DO XEFE DE FILA

Os socios de común acordo designan a SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA, presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña, como xefe de fila, será este o responsábel do proxecto perante a autoridade de xestión e a autoridade de pagamento e coordinará o traballo dos demais socios

ARTIGO 3 – OBRIGAS DO XEFE DE FILA ¹

O xefe de fila presenta, en nome de todos os socios, a solicitude de subvención comunitaria para a realización do proxecto mencionado no artigo 1 e comprométese a:

- responder, mentres que referente único de conformidade co resto dos socios, ás solicitudes de información ou de modificación que puidese requirir a autoridade de xestión do programa,
- comunicar aos demais socios os resultados da instrución e as decisións adoptadas polo Comité ou Subcomité de Xestión competente,
- comunicar á autoridade de xestión as decisións e modificacións adoptadas polo conxunto dos socios,
- velar pola posta en marcha e a execución do proxecto conforme co exposto na ficha do proxecto, respectando os prazos previstos,
- informar á autoridade de xestión da posta en marcha do proxecto,
- solicitar os pagamentos intermedios e final da axuda FEDER, transferindo ao resto dos socios, o máis axiña posíbel, a parte que lles corresponda en cada caso,
- garantir perante a autoridade de xestión a dispoñibilidade dunha contabilidade separada para a operación cofinanciada,
- fornecer á autoridade de xestión información periódica de avance físico, administrativo e financeiro, no formato que sexa necesario para a implementación do sistema de seguimento,
- conservar e ter dispoñíbel durante os tres anos seguintes ao pagamento do saldo relativo á intervención, todos os xustificantes (orixinais ou copias certificadas conformes) relativos aos gastos e aos controis correspondentes, en previsión de solicitudes por parte da Comisión, da autoridade de xestión ou da autoridade de pagamento, conforme ao artigo 38 epígrafe 6 do Regulamento 1260/99,

ARTIGO 4 – OBRIGAS DOS SOCIOS DO PROXECTO

Os socios aceptan a coordinación técnica, administrativa e financeira do xefe de fila co fin de facilitar as súas obrigas perante as autoridades de xestión e de pagamento. Ademais comprométese a:

- contestar rapidamente ás solicitudes de información, así como facilitar os documentos necesarios para a instrución,
- comunicar a súa aceptación das decisións e eventuais modificacións que poida

¹A comunicación entre o xefe de fila e autoridade de xestión serán canalizadas a través do Secretariado Técnico Conxunto correspondente

adoptar o Comité ou Subcomité de Xestión competente e comunicarllas ao xefe de fila,

- executar as actividades que lles son asignadas na ficha de proxecto nos prazos propostos.
- transmitirle ao xefe de fila información periódica de avance físico, administrativo e financeiro de cara á alimentación do sistema de seguimento,
- enviarlle ao xefe de fila as certificacións de gastos con vistas á solicitude dos pagamentos intermedios e final,
- enviarlle ao xefe de fila a documentación correspondente á execución do proxecto,
- facilitar a documentación necesaria para os controis de execución do proxecto e a certificación de gastos.

ARTIGO 5 – ESTRUCTURA DO PARTENARIADO

O xefe de fila e os restantes socios garantirán o sistema de seguimento do proxecto a través da estrutura de partenariado que se expón na ficha de proxecto.

ARTIGO 6 – OBRIGAS FINANCEIRAS DO XEFE DE FILA E DOS SOCIOS

O xefe de fila e os demais socios comprométense a:

- levar unha contabilidade separada correspondente á execución do proxecto, tanto para o financiamento FEDER como para as correspondentes contrapartidas,
- conservar unha copia de toda a documentación relativa á execución do proxecto,
- aceptar o control dos servizos comunitarios competentes e das administracións que cofinancien o proxecto, en todo o relativo á execución do proxecto e á utilización das subvencións concedidas.

ARTIGO 7 – CADRO FINANCEIRO DO PROXECTO

O xefe de fila e os demais socios dan por válido o cadro financeiro que se inclúe na ficha de proxecto e no cal se indica que o custo total elixíbel do proxecto será de 2 .485.333,33 euros, dos cales 1.864.000,00 euros se solicitan como axuda FEDER (completar cadro financeiro).

	Achega		Contrapartida		Custo total		%
	Comunitaria	Taxa FEDER	Pública nacional	Fondos privados	elixíbel	Custo total	Total
	FEDER						
Xefe fila: Dep. da Coruña	100.000,00	75,00	33.333,33		133.333,33	133.333,33	5,4
Malpica de	50.000,00	75,00	16.666,67		66.666,67	66.666,67	2,7

Bergantiños							
Fisterra	50.000,00	75,00	16.666,67		66.666,67	66.666,67	2,7
Dumbría	50.000,00	75,00	16.666,67		66.666,67	66.666,67	2,7
A Laracha	50.000,00	75,00	16.666,67		66.666,67	66.666,67	2,7
Cabana de Bergantiños	50.000,00	75,00	16.666,67		66.666,67	66.666,67	2,7
Ponteceso	50.000,00	75,00	16.666,67		66.666,67	66.666,67	2,7
CEE	50.000,00	75,00	16.666,67		66.666,67	66.666,67	2,7
Laxe	50.000,00	75,00	16.666,67		66.666,67	66.666,67	2,7
Muxía	50.000,00	75,00	16.666,67		66.666,67	66.666,67	2,7
Carnota	50.000,00	75,00	16.666,67		66.666,67	66.666,67	2,7
Camariñas	50.000,00	75,00	16.666,67		66.666,67	66.666,67	2,7
Vimianzo	50.000,00	75,00	16.666,67		66.666,67	66.666,67	2,7
Corcubión	50.000,00	75,00	16.666,67		66.666,67	66.666,67	2,7
Carballo	50.000,00	75,00	16.666,67		66.666,67	66.666,67	2,7
Boiro	50.000,00	75,00	16.666,67		66.666,67	66.666,67	2,7
Lousame	50.000,00	75,00	16.666,67		66.666,67	66.666,67	2,7
Muros	50.000,00	75,00	16.666,67		66.666,67	66.666,67	2,7
Noia	50.000,00	75,00	16.666,67		66.666,67	66.666,67	2,7
Outes	50.000,00	75,00	16.666,67		66.666,67	66.666,67	2,7
Porto do Son	50.000,00	75,00	16.666,67		66.666,67	66.666,67	2,7
Rianxo	50.000,00	75,00	16.666,67		66.666,67	66.666,67	2,7
Caminha	344.000,00	75,00	114.666,67		458.666,67	458.666,67	18,5

Esposende	90.000,00	75,00	30.000,00		120.000,00	120.000,00	4,8
Viana do Castelo	260.000,00	75,00	86.666,67		346.666,67	346.666,67	13,9
Paisagem Protegida do Litoral de Esposende	20.000,00	75,00	6.666,67		26.666,67	26.666,67	1,1
Total	1.864.000,00	75,00	621.333,33		2.485.333,33	2.485.333,33	100,00
% Total	75,00	75,00	25,00		100,00	100,00	

ARTIGO 8 – CIRCUÍTO FINANCEIRO FEDER

O xefe de fila é o responsábel da xestión da conta bancaria na cal a autoridade de pagamento ingresará a totalidade dos pagamentos FEDER correspondentes ás certificacións de gastos/anticipos que presente o xefe de fila en nome do partenariado. Unha vez recibidos os pagamentos correspondentes á axuda FEDER, o xefe de fila transferirá a cada socio, sobre a base dos gastos certificados/plan financeiro, a parte correspondente do reembolso/anticipo efectuado pola autoridade de pagamento.

ARTIGO 9 – COFINANCIAMENTO NACIONAL

O cofinanciamento nacional –público e privado- correspondente á axuda FEDER outorgado está garantido da forma que queda recollido na ficha de proxecto, no apartado 5.6.

ARTIGO 10 – REEMBOLSO DAS SUBVENCIÓNS PÚBLICAS

Cada un dos socios será responsábel da non execución total ou parcial das actividades que se lle atribúen na ficha de proxecto, así como da atribución da axuda comunitaria a gastos non previstos no proxecto. Serán, así mesmo, responsábeis do reembolso das subvencións públicas que recibisen e que non se utilizasen para satisfacer gastos previstos no proxecto.

Se o socio é privado, engadirá ao presente convenio unha garantía bancaria que cubra o total da axuda pública que solicita.

ARTIGO 11 - XESTIÓN DE CONFLITOS NO MARCO DO PARTENARIADO

É responsabilidade do partenariado formado polos socios tratar os litixios entre socios, incluíndo os que puidese existir entre os socios e o xefe de fila. Se, a pesar de todo, as diferenzas non se poden solucionar no seo do partenariado, transferirase o litixio á autoridade de

xestión, que o examinará en estreita colaboración co Comité de Xestión Conxunto do programa.

ARTIGO 12 – CONTENCIOSOS

Este convenio réxese segundo a lexislación vixente no país onde se localice a sede social do xefe de fila, coa excepción das disposicións do acordo sobre as leis aplicábeis ás obrigas contractuais 80/934/CEE asinado en Roma o 19 de xuño de 1980. O tribunal competente será o correspondente á sede social do xefe de fila.

ARTIGO 13 – VIXENCIA DO ACORDO

A vixencia deste convenio está condicionada para todos os efectos á aprobación da candidatura do proxecto para o seu financiamento no marco do programa da Iniciativa Comunitaria Interreg III –A España – Portugal.

Toda modificación deste convenio durante a execución do proxecto deberá ser aprobada polo Comité de Xestión Conxunto e comunicada por escrito á autoridade de xestión de forma previa á súa aplicación.

A Coruña, dede

Os que abaixo asinamos declaramos ter lido e aceptado o presente convenio.

Nome da entidade	Nome e función da persoa que asina	Sinatura e selo
Deputación Provincial da Coruña	Salvador Fernández Moreda (presidente)	
Concello de Malpica de Bergantiños	José Ramón Varela Rey (alcalde-presidente)	
Concello de Fisterra	José Manuel Traba Fernández (alcalde-presidente)	
Concello de Dumbría	José Manuel Pequeño Castro (alcalde-presidente)	
Concello da Laracha	José Manuel López Varela (alcalde-presidente)	
Concello de Cabana de Bergantiños	José Muíño Domínguez (alcalde)	
Concello de Ponteceso	José Luis Fondo Aguiar (alcalde-presidente)	

Concello de CEE	José Antonio Domínguez García (Alcalde-Presidente)	
Concello de Laxe	Antón Carracedo Sacedón (alcalde-presidente)	
Concello de Muxía	Alberto Blanco Rodríguez (alcalde-presidente)	
Concello de Carnota	Xosé Manuel García Martínez (alcalde)	
Concello de Camariñas	Juan Bautista Santos Ramos (alcalde-presidente)	
Concello de Vimianzo	Alejandro Rodríguez Lema (alcalde)	
Concello de Corcubión	Francisco Javier Lema Fuentes (alcalde-presidente)	
Concello de Carballo	Evencio Ferrero Rodríguez (alcalde-presidente)	
Concello de Muros	Caridad González Cerviño (alcaldesa-presidenta)	
Concello de Noia	Antonio Pérez Ínsua (alcalde-presidente)	
Concello de Lousame	José Santiago Freire Abeijón (alcalde-presidente)	
Concello de Outes	Carlos López Crespo (alcalde-presidente)	
Concello de Rianxo	Pedro Piñeiro Hermida (alcalde-presidente)	
Concello de Porto do Son	Ramón Quintáns Vila (alcalde-presidente)	
Concello de Boiro	Xosé Deira Triñanes (alcalde-presidente)	
Cámara Municipal de Esposende	Fernando Joao Couto Cepa (presidente)	
Cámara Municipal de Caminha	Julia Paula Pires Pereira Costa (presidenta)	
Cámara Municipal de Viana do Castelo	Defensor Oliveira Moura (presidente)	
Paisagem Protegida de Litoral de Esposende-Instituto de Conservação da Natureza	Joao Silva e Costa (presidente da Dirección do ICN)	

ACORDO ENTRE A AUTORIDADE DE XESTIÓN E O XEFE DE FILA

ENTRE

D. José Antonio Zamora Rodríguez, director xeral de Fondos Comunitarios do Ministerio de Economía e Facenda de España, en calidade de representante da autoridade de xestión do programa Interreg III A España- Portugal,

E

D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación Provincial da Coruña, en calidade de xefe de fila do proxecto TURISMO E MEDIO NATURAL SOSTÍBEL (TURMAS)”

VISTO o Regulamento (CE) nº 1260/1999 do Consello do 21 de xuño de 1999 polo que se establecen as disposicións xerais sobre fondos estruturais que contempla no artigo 20 Interreg como unha das iniciativas comunitarias destinatarias de financiamento a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), e o artigo 21 que establece que a Comisión Europea adoptará para cada iniciativa as orientacións nas que se describan os obxectivos, o ámbito de aplicación e as modalidades adecuadas de aplicación,

VISTA a Comunicación da Comisión aos Estados Membros C(2000) 143/08 do 28 de abril de 2000 que establece as orientacións da Iniciativa Comunitaria Interreg III e, en concreto, o anexo 1, onde se fai mención ás zonas subvencionábeis no capítulo A e que para o programa “España – Portugal” son: Badaxoz, Cáceres, Huelva, Ourense, Pontevedra, Salamanca e Zamora en España, e Alentejo Central, Algarve, Alto Alentejo, Alto Tras-os-Montes, Baixo Alentejo, Beira Interior Norte, Beira Interior Sul, Cavado, Douro e Minho – Lima en Portugal,

VISTO o programa da Iniciativa Comunitaria Interreg III A España – Portugal aprobado pola Comisión Europea mediante a decisión C(2001) 4127, do 19 de decembro de 2001, que define os obxectivos e as finalidades da cooperación entre as rexións subvencionábeis,

CONSIDERANDO que o Regulamento 1260/1999 anteriormente citado establece no seu artigo 9, puntos n e o, a existencia dunha autoridade de xestión e unha autoridade de pagamento, responsábeis da aplicación de cada un dos programas cofinanciados cos Fondos Estruturais,

CONSIDERANDO que as autoridades nacionais de España e Portugal, responsábeis do programa de Iniciativa Comunitaria Interreg III A, España – Portugal, decidiron de común acordo confiarlle á Dirección Xeral de Fondos Comunitarios e Financiamento Territorial do Ministerio de Facenda de España o papel de autoridade de xestión do programa, conforme ao Regulamento 1260/1999,

CONSIDERANDO que segundo a Comunicación C(2000) 143/08 anteriormente citada, no seu punto 31, no caso de operacións que impliquen socios de diferentes estados membros, o beneficiario final (xefe de fila) será o interlocutor responsábel da operación e o encargado da xestión financeira e da coordinación dos restantes socios da operación. Así mesmo, o xefe de fila asumirá a responsabilidade financeira e xurídica perante a autoridade de xestión,

CONSIDERANDO que o programa da Iniciativa Comunitaria Interreg III A, España – Portugal no seu epígrafe 5.4.1, prevé a sinatura dun documento que fixe o proxecto financeiro do proxecto, os importes de participación comunitaria e as demais condicións de execución e acompañamento do proxecto a que está obrigado o xefe de fila,

CONSIDERANDO que o Subcomité de Xestión do subprograma, mediante a decisión do 20 de xullo de 2004 aprobou o proxecto denominado “TURISMO E MEDIO NATURAL SOSTÍBEL (TURMAS)” presentado pola Deputación Provincial da Coruña en calidade de xefe de fila.

ACORDAN:

ARTIGO 1 – OBXECTO DO DOCUMENTO

O presente acordo ten por obxecto establecer as condicións de execución do proxecto “TURISMO E MEDIO NATURAL SOSTÍBEL (TURMAS)” aprobado por decisión do 20 de xullo de 2004 do Subcomité de Xestión e presentado pola Deputación Provincial da Coruña en calidade de xefe de fila en partenariado cos seguintes socios:

- Socio 1 Deputación da Coruña
- Socio 2 Concello de Cabana de Bergantiños
- Socio 3 Concello de Camariñas
- Socio 4 Concello de Carballo
- Socio 5 Concello de Carnota
- Socio 6 Concello de Cee
- Socio 7 Concello de Corcubión
- Socio 8 Concello de Dumbría
- Socio 9 Concello de Fisterra
- Socio 10 Concello da Laracha
- Socio 11 Concello de Laxe

- Socio 12 Concello de Malpica de Bergantiños
- Socio 13 Concello de Muxía
- Socio 14 Concello de Ponteceso
- Socio 15 Concello de Vimianzo
- Socio 16 Concello de Boiro
- Socio 17 Concello de Lousame
- Socio 18 Concello de Muros
- Socio 19 Concello de Noia
- Socio 20 Concello de Outes
- Socio 21 Concello de Porto do Son
- Socio 22 Concello de Rianxo
- Socio 23 Cámara Municipal de Caminha
- Socio 24 Cámara Municipal de Esposende
- Socio 25 Cámara Municipal de Viana do Castelo
- Socio 26 Instituto da Conservação da Natureza. Área de Paisagem Protegida do Litoral de Esposende

Os seguintes documentos, que figuran anexos, forman parte integrante do presente acordo:

- Decisión do 20 de xullo de 2004 do Subcomité de Xestión (anexo 1),
- Ficha de proxecto incluíndo o seu proxecto financeiro (anexo 2),
- Datos bancarios do xefe de fila, incluíndo a garantía bancaria se se trata dunha entidade privada (anexo 3),
- Acordo entre os socios do proxecto para a constitución do partenariado (anexo 4),

ARTIGO 2 – EXECUCIÓN DAS ACTIVIDADES DO PROXECTO

O xefe de fila é o responsábel do desenvolvemento das actividades dispostas no anexo 2, segundo as fases, procedementos e prazos que nel se detallan.

O xefe de fila deberá informar á autoridade de xestión de calquera modificación - aprobada por todos os socios por unanimidade- das actividades programadas, seguindo para iso os procedementos descritos no artigo 6 deste acordo.

ARTIGO 3 – DURACIÓN

Este acordo será válido a partir da data da sinatura e concluirá o día 31 de decembro de 2005, conforme á data prevista para a conclusión das actividades do proxecto, indicada no anexo 2.

O xefe de fila deberá informar á autoridade de xestión de forma inmediata de calquera demora respecto do calendario previsto nas actividades de un ou varios socios. Poderase acordar, en tal caso, unha prórroga na data para a conclusión das actividades, ampliando o período de validez deste acordo. Este proceso levarase a cabo conforme queda descrito no artigo 6.

ARTIGO 4 – OBRIGAS DO XEFE DE FILA ²

No marco do presente proxecto, o xefe de fila:

- é o responsábel da coordinación xeral do proxecto, así como da súa xestión económica e financeira,
- representa de común acordo a todos os socios de proxecto nas comunicacións coa autoridade de xestión, a autoridade de pagamento e demais organismos competentes, así como no que requira directamente a Comisión Europea,
- é a entidade beneficiaria do financiamento FEDER con cargo ao programa Interreg III A, España – Portugal e con tal fin asina o presente acordo de aceptación da axuda comunitaria e das obrigas que iso implica.
- comprométese a respectar o acordo asinado entre os socios do proxecto (anexo 4) que regula as relacións entre eles. Toda modificación do devandito acordo durante a execución do proxecto deberá ser aprobada polo Comité de Xestión do programa e comunicarse á autoridade de xestión antes da súa aplicación efectiva,
- xestiona a contabilidade conxunta do proxecto e recibe a documentación contábel de cada un dos socios, de conformidade co Regulamento 438/2001 que desenvolve a aplicación do Regulamento (CE) 1260/1999 do Consello no tocante aos sistemas de xestión e control das actuacións financiadas cos Fondos Estruturais,
- asegura que cada socio leve unha contabilidade separada da súa participación no proxecto,
- é o responsábel, en caso necesario, de comunicarlle á autoridade de xestión calquera cambio no orzamento do proxecto,

²A comunicación entre o xefe de fila e a autoridade de xestión será canalizada a través do Secretariado Técnico Conxunto correspondente

- é o responsábel da execución e o envío á autoridade de xestión dos informes periódicos de avance, dos informes intermedios de actividade, do informe final de actividade, dos documentos de seguimento financeiro e das solicitudes de pagamentos intermedios e final. A Comisión Europea, a autoridade de xestión e o resto dos organismos competentes, poderán solicitar en todo momento información complementaria que deberá remitirse nun prazo de 30 días naturais,
- acepta os controis, coas súas conclusións e consecuencias que sobre a execución do proxecto e o uso das subvencións concedidas realicen os organismos comunitarios competentes e as administracións que cofinancian o proxecto.

ARTIGO 5 – PLAN FINANCEIRO DO PROXECTO

O custo total do proxecto para o período de vixencia do presente acordo é de 2.485.333,33 euros. A contribución comunitaria (FEDER) a este é de 1.864.000,00 euros.

O xefe de fila declara ter verificado a garantía de cofinanciamento nacional de cada socio polo que queda da seguinte maneira:

Socio 1	Deputación da Coruña	Euros	33.333,33
Socio 2	Concello de Cabana de Bergantiños	Euros	16.666,67
Socio 3	Concello de Camariñas	Euros	16.666,67
Socio 4	Concello de Carballo	Euros	16.666,67
Socio 5	Concello de Carnota	Euros	16.666,67
Socio 6	Concello de Cee	Euros	16.666,67
Socio 7	Concello de Corcubión	Euros	16.666,67
Socio 8	Concello de Dumbria	Euros	16.666,67
Socio 9	Concello de Fisterra	Euros	16.666,67
Socio 10	Concello da Laracha	Euros	16.666,67
Socio 11	Concello de Laxe	Euros	16.666,67
Socio 12	Concello de Malpica de Bergantiños	Euros	16.666,67
Socio 13	Concello de Muxía	Euros	16.666,67
Socio 14	Concello de Ponteceso	Euros	16.666,67
Socio 15	Concello de Vimianzo	Euros	16.666,67
Socio 16	Concello de Boiro	Euros	16.666,67
Socio 17	Concello de Lousame	Euros	16.666,67
Socio 18	Concello de Muros	Euros	16.666,67
Socio 19	Concello de Noia	Euros	16.666,67
Socio 20	Concello de Outes	Euros	16.666,67
Socio 21	Concello de Porto do Son	Euros	16.666,67
Socio 22	Concello de Rianxo	Euros	16.666,67

Socio 23	Cámara Municipal de Caminha	Euros	114.666,67
Socio 24	Cámara Municipal de Esposende	Euros	30.000,00
Socio 25	Cámara Municipal de Viana do Castelo	Euros	86.666,67
Socio 26	Instituto da Conservação da Natureza. Área de Paisagem Protegida do Litoral de Esposende	Euros	6.666,67

A información financeira detallada do proxecto inclúese na ficha de proxecto (anexo 2) e constitúe unha parte integrante do presente acordo.

ARTIGO 6 – MODIFICACIÓNS

Toda modificación do proxecto que supoña:

- cambios no custo total do proxecto,
- cambios na natureza do proxecto e, concretamente, na finalidade, resultados agardados e/ou composición do partenariado,
- unha ampliación do prazo previsto para a conclusión das actividades previstas,

requerirá dunha nova aprobación do proxecto por parte do Comité de Xestión Conxunto. O informe de solicitude de modificación deberá estar en posesión da autoridade de xestión polo menos 60 días antes da data na que se prevé facer efectivas as devanditas modificacións.

ARTIGO 7 – PAGAMENTOS

A contribución comunitaria estará destinada exclusivamente ao pagamento dos gastos efectivamente realizados de acordo co proxecto financeiro da ficha de proxecto (anexo 2).

Os pagamentos efectuaranse a medida que se fagan efectivas as transferencias de fondos por parte da Comisión. En caso de demora por parte da Comisión, o xefe de fila non terá ningún dereito de reclamación fronte á autoridade de xestión.

O xefe de fila debe xustificar todas as súas solicitudes de pagamentos mediante a demostración do avance da execución do proxecto. Así pois, as solicitudes de pagamentos incluírán os informes de execución que xustificarán as certificacións de gastos que se presenten. Cada informe incluírá unha relación de todas as accións do proxecto executadas durante o período que corresponda á solicitude de pagamento. Os informes de execución permitirán valorar o cumprimento dos obxectivos, os medios utilizados para a execución, a relación entre os resultados previstos e os obtidos e o uso que se está a facer dos recursos financeiros. O informe de avance incluírá un plan de execución da seguinte fase do proxecto. A comisión, a autoridade de xestión e os

demais organismos competentes, poderán solicitar información complementaria en calquera momento, debendo fornecerse nun prazo máximo de 30 días.

Os socios deberán enviar ao xefe de fila as súas correspondentes certificacións de gastos, sen as cales os pagamentos intermedios e final non se efectuarán. O xefe de fila, pola súa parte, deberá comprobar as certificacións e engadilas ás solicitudes de pagamento que envíe á autoridade de xestión.

O xefe de fila poderá presentar solicitudes de pagamento perante a autoridade de xestión –segundo o modelo subministrado para o efecto- varias veces ao ano, se ben recoméndase agrupar as solicitudes con base cuatrimestral segundo o seguinte calendario anual:

- antes do 1 de febreiro,
- antes do 1 de xuño,
- antes do 1 de outubro.

Desta forma garántese que todos os pagamentos da Comisión Europea se carguen ao exercicio financeiro corrente.

Os pagamentos efectuaranse segundo a orde de presentación das demandas –efectuadas segundo o modelo facilitado para iso e acompañadas dun informe de avance- nun prazo de dous meses a partir da súa recepción e despois da aceptación previa da documentación remitida.

Os xefes de fila deben presentar unha primeira solicitude de pagamento de cofinanciamento de FEDER, baseada en gastos debidamente certificados, nun prazo máximo de 6 meses desde a data da sinatura da notificación efectuada pola respectiva antena do Secretariado Técnico Conxunto.

Poderase conceder un anticipo de axuda FEDER mediante unha solicitude dirixida á autoridade de xestión e presentada polo xefe de fila perante a respectiva antena do Secretariado Técnico Conxunto, a cal deberá verificar a súa conformidade.

O anticipo non poderá ser superior ao 7% do total de axuda FEDER aprobada, e está condicionado por:

- as dispoñibilidades de tesouraría da autoridade de pagamento,
- o cumprimento por parte do xefe de fila das condicións fixadas para o anticipo de FEDER na primeira convocatoria, se é que o solicitase,
- a existencia dun acordo entre os socios sobre as condicións de mobilización do anticipo

- a presentación da solicitude no prazo máximo de 30 días despois da data da sinatura do presente acordo.

Coa presentación da solicitude de anticipo, o xefe de fila comprométese a presentar a primeira solicitude de pagamento até o 30/11/04, baseado en certificacións de gasto por unha montaxe mínima do 50% do total de axuda FEDER programado na primeira anualidade do proxecto.

O anticipo compensarase con certificacións de gasto ao final dos pagamentos intermedios.

Os pagamentos efectuaranse na conta bancaria..... tal e como queda recollido no anexo 3 executado polo xefe de fila.

ARTIGO 8 – ANULACIÓN DO ACORDO

O xefe de fila, logo de consultar a todos os socios, poderá anular o presente acordo en calquera momento mediante un aviso previo remitido á autoridade de xestión con dous meses de antelación. Neste caso o xefe de fila e os socios perderán o dereito a recibir a parte do cofinanciamento FEDER que estivese pendente de pagamento. A autoridade de xestión poderá solicitar o reembolso total ou parcial das sumas xa achegadas da axuda comunitaria, se así o considera oportuno.

En casos excepcionais e debidamente xustificados, a autoridade de xestión poderá pór fin ao presente acordo mediante un aviso remitido con dous meses de antelación ao xefe de fila. O xefe de fila e o resto dos socios perderán o dereito a recibir o cofinanciamento FEDER pendente e non recibirán ningún tipo de indemnización por iso.

A autoridade de xestión, co acordo do Subcomité de Xestión, resérvase o dereito de cancelar o presente acordo, sen aviso previo nin indemnización pola súa parte, nos casos seguintes:

1. Falta de cumprimento por parte do xefe de fila das obrigas que se lle atribúen no artigo 4 deste acordo, sempre e cando esta falta non estea xustificada e o xefe de fila non a emende nun prazo de trinta días –Agás casos excepcionais debidamente xustificados- desde que reciba un aviso por parte da autoridade de xestión,
2. Quebra ou insolvencia do xefe de fila se este é unha entidade privada,
3. Constatación de declaracións falsas no momento da sinatura do presente acordo,
4. Constatación de falsidade nos documentos achegados á sinatura do presente acordo,

5. Non presentación dunha primeira solicitude de pagamento de cofinanciamento de FEDER, baseada en gastos debidamente certificados, nun prazo máximo de 6 meses –agás casos excepcionais debidamente xustificados e aprobados polo Subcomité de Xestión.
6. Non presentación dos informes de execución de gastos nun prazo de trinta días –agás casos excepcionais debidamente xustificados- desde a súa solicitude por parte da autoridade de xestión, tal e como queda definido no artigo 7,
7. Incumprimento das obrigas recollidas no artigo 6.

De forma previa ou alternativa á anulación do acordo prevista neste artigo, a autoridade de xestión pode suspender os pagamentos de forma preventiva sen aviso previo, así como proceder á compensación do anticipo de FEDER no primeiro pedido de pagamento a título de reembolso, en caso de incumprimento polo XF das condicións fixadas.

En caso de cancelación do acordo sen aviso previo, o xefe de fila deberá reintegrar a totalidade da axuda FEDER recibida nun prazo dun mes a partir da data en que se lle tramite a pertinente solicitude por parte da autoridade de pagamento. Os intereses que se aplicarán serán os vixentes segundo a lei aplicábel. Cada estado membro será responsábel dos incumprimentos en que incorran os socios do seu país.

ARTIGO 9 – DISPOSICIÓNS FINAIS

Os cambios do presente acordo e/ou os seus anexos remitiranse por escrito á autoridade de xestión e ser obxecto dunha acta específica.

As modificacións de enderezos e contas bancarias unicamente requirirán a correspondente comunicación.

Os cambios de conta bancaria deberán mencionarse nas subsecuentes solicitudes de pagamento.

Toda comunicación á autoridade de xestión remitirase ao seguinte enderezo:

Dirección Xeral de Fondos Comunitarios
Ministerio de Economía e Facenda
Paseo da Castellana 162, 3ª planta
28071 Madrid - España

Asdo: D. Salvador Fernández Moreda
Presidente da Deputación
Provincial da Coruña

Asdo: D. José Antonio Zamora
Rodríguez
Director xeral de Fondos
Comunitarios do Ministerio de
Economía e Facenda de España, en
calidade de representante da
autoridade de xestión do programa
Interreg III A España- Portugal,

16.-APROBACIÓN DO PLAN DE TRAVESÍAS 2005, 3ª FASE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar inicialmente o Plan de travesías 2005, 3ª fase, cun orzamento total de 1.467.082,95 euros e que son as que seguidamente se detallan:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
05.1130.0009.0	TRAVESÍAS E.P. 0603 DE BOIMORTO A ORXAL POLA MOTA PK. 0,30 AO PK. 1,30 (BOIMORTO)	283.487,96
05.1130.0010.0	BEIRARRÚA M.E. E.P. 3006 ACCESO Á ZAPATEIRA PK. 2,710 A 2,850 (CULLEREDO)	46.161,12
05.1130.0011.0	TRAVESIA NA EP. 3004 DE CABANAS A MARTINETE PK. 0,3 A PK. 1,40 (A CORUÑA)	351.112,28
05.1130.0012.0	TRAVESÍA NA E.P. 0905 DE BETANZOS AO LÍMITE DA PROVINCIA DE LUGO PK. 6,11 AO PK. 7,56 (PADERNE)	449.344,86
05.1130.0013.0	TRAVESIA NA E.P. 7804 DE VAL DO DUBRA A SANTIAGO PK. 21,20 AO PK. 21,71 (SANTIAGO DE COMPOSTELA)	336.976,73
TOTAL		1.467.082,95

Esta aprobación inicial ten o carácter de simple programación que non xera polo tanto ningún compromiso económico nin de execución para a Deputación até que se acredite a existencia de crédito adecuado e suficiente e que se aprrobe definitivamente o Plan ou a súa fase correspondente.

2.- Remitir os citados proxectos aos concellos correspondentes para os efectos da adopción dos acordos e remisión da documentación a que se refire a Base 3ª das de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para a execución dos proxectos que se van incluír nas distintas fases do Plan de travesías 2004-2007, aprobadas polo Pleno en sesión celebrado o 30/04/04 (BOP 104/8-5-2004)”.

17.-APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2005, 2ª FASE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar o Plan de vías provinciais 2005, 2ª fase que se financiará con cargo á aplicación 0401/511B601.03 e que está integrado pola obra que seguidamente se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
05.1110.0012.0	OBRAS COMPLEMENTARIAS DO PROXECTO DA AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 7901 DE CHORÉN AO LUGAR DA CRUZ (SANTISO)	14.189,27
TOTAL		14.189,27

2.- Expor ao público o proxecto mediante un anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia no prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, considerarase definitivamente aprobado.”

18.-MODIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS DA SEGUNDA ANUALIDADE (2004) DO PLAN DE DINAMIZACIÓN TURÍSTICA DA COSTA DA MORTE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aprobar a modificación das actuacións da segunda anualidade (2004) do Plan de dinamización turística da Costa da Morte, aprobada polo Pleno da Deputación na sesión do 25 de xuño de 2004, para adecualas ás modificadas pola Comisión de Seguimento do convenio do seguinte modo:

1) Mediante a substitución do proxecto “Rutas xeolóxicas e botánicas Monte do Pindo e fervenza do Xallas” segundo o seguinte detalle:

Estudo:	15.000 euros
Centro de interpretación monte do Pindo:	12.000 euros
Execución:	45.000 euros
Total:	72.000 euros

Polo proxecto:
“Rutas xeolóxicas e botánicas Monte do Pindo e fervenza do Xallas” segundo o seguinte detalle:

Estudo e proxecto expositivo, Centro de interpretación do Monte do Pindo	27.000 euros
Execución	45.000 euros
Total:	72.000 euros

2) Mediante a substitución do proxecto “Ruta fin do camiño” de 72.000 euros pola denominada “Execución de contidos no Centro de interpretación do Monte do Pindo” 72.000 euros.”

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓN

Sr. Lamas Sánchez

O grupo do Partido Popular ten presentadas tres mocións. A primeira delas o que pretende é instar ao Goberno central para que axilice diversas actuacións na área metropolitana da Coruña, en concreto:

“Conseguir da Unión Europea, sen máis demora, os fondos necesarios para o financiamento do porto exterior de Punta Langosteira, como xa se fixo cos portos de Sevilla e Xixón, a pesar de que solicitaron as axudas comunitarias moito despois do que A Coruña.

Impulsar o trazado de entrada do AVE na Coruña por Cecebre e Uxes, integrando a liña actual A Coruña-Betanzos-Ferrol e Oza-Curtis na rede de transporte público metropolitano para mellorar as conexións internas da bisbarra, tamén se solicita dar o mesmo trato a Galicia que a outras comunidades como Andalucía, liberando de peaxe a autoestrada AP-9 entre Guísamo, A Barcala e A Coruña. Tamén dar prioridade á construción da conexión entre o aeroporto de Alvedro e a autovía A-6 e, por último, instalar coa máxima urxencia o sistema ILS2 e 3 no aeroporto de Alvedro para incrementar a súa operatividade e convertelo nunha terminal de referencia para o tráfico de persoas e mercadorías.”

Sr. presidente

Dixeron vostedes que había tres mocións presentadas, entón podemos agrupar a presentación das mocións, e despois vostedes xustifican a urxencia, ábrese un debate sobre a urxencia e votamos a urxencia, no caso de que a urxencia teña a maioría absoluta dos votos favorábeis tramitaríase a moción, e no caso de que non, decaería.

Sr. Rodríguez Rodríguez

A moción que teño a honra de presentar refírese ás aulas de informática, e isto permitirá ampliar o debate que se iniciou na análise do expediente de modificación de créditos.

A Deputación da Coruña na lexislatura anterior era consciente de que tiña que facer unha contribución activa ao coñecemento e autorización das tecnoloxías da información, porque nos parece que as sociedades que realmente utilicen estas tecnoloxías a nivel global son sociedades máis dinámicas, máis competentes, máis activas, e con maior desenvolvemento económico que as que non as utilizan. Esa

dualidade destacouna o Congreso de Estados Unidos no seu momento, acuñando un termo que xa é común utilizar desde entón, que é o da fenda dixital entre as sociedades que utilizaban estas tecnoloxías e as que non a utilizaban.

Na Corporación anterior fíxose un esforzo moi importante en materia da sociedade da información, comezáronse coas asociacións de veciños e, despois, unha vez comprobada a súa utilidade, entrouse nas aulas informáticas municipais. Que é o que se fixo? Non só construír aulas en todos os concellos da provincia,- non sei se quedou un que non quixo, dos 94, non; dous, dime o Sr. presidente, non que non se lles dotase, senón que non consideraron ou non tiñan locais, ou non entenderon que iso fose posíbel-, e a todos eles dotóuselles de equipamento, de mobiliario, e de conexión a internet 24 horas, e ademais utilizouse especialmente verbo delas o Centro de Atención aos Usuarios para que calquera avaría que se producise se atendese.

Isto parecíanos que era unha acción básica, pero era necesario complementala con outra acción, e a acción foi utilizar, neste caso eran programas non financiados pola Deputación, era o programa *LABORA*, que naquel momento estaba dispoñíbel, para dotar de elementos de apoio ás aulas informáticas, chamóuselles alfabetizadores dixitais, en definitiva, persoal de apoio, e iniciáronse programas de formación, especialmente un programa coa Universidade de Santiago para dotar de técnicos a aquelas aulas informáticas que quixesen traballar neste sentido a través de distintos módulos, nos cales se ía avanzando no coñecemento da sociedade da información con monitores, con profesores a distancia, e cun título que expediría conxuntamente o presidente da Deputación e o reitor da Universidade.

Pero en definitiva, e está no programa da Deputación do ano 2003, non só de creación e ampliación de aulas informáticas, senón alfabetización dixital, aula aberta, formación e apoio e mantemento de aula informática.

A realidade despois de pasado un ano, no ano 2005, o que perciben os concellos é que todo este programa practicamente non está en execución. Por que? Porque, fundamentalmente, a través do ano 2004, cando se chama por unha avaría, practicamente o CAU non funciona, o Centro de Atención ao Usuario, que a conexión a internet non está xa garantida, e que non houbo ningunha iniciativa de apoio nin ao funcionamento nin ao mantemento das aulas de informática, nin sequera a falar destes programas de formación, sexa formación realizada polo propio concello, a través do seu persoal ou das persoas que contratase, con apoio financeiro da Deputación, ou a través deste programa fundamental que se facía en colaboración coa Universidade.

O sentido da moción é moi sinxelo: que estes programas que estaban vixentes no ano 2003, se restabezcan. Se vostedes din que si, encantados; pero o que si quero sinalar nesta primeira intervención, se é que é posíbel continuala despois, é que a imaxe que os concellos teñen nestes momentos é que as aulas informáticas están abandonadas. E iso pódeo constatar vostede; faga unha enquisa entre os concellos da

provincia, e pregúntelles como ven o funcionamento das aulas informáticas; despois falaremos; hoxe, a data de hoxe.

E por iso utilizaba tamén, e utilizaba con espírito tamén de, diría, un dereito de lexítima defensa, cando o Sr. presidente na súa intervención inaugural como presidente da Deputación, falaba dunha longa noite de pedra, non sei a que se refería, pero entendemos que se refería a nós, e sentounos especialmente mal, especialmente mal porque penso que fixemos unha xestión bastante decente, bastante brillante, e apoiando aos concellos, por iso eu falaba coa mesma terminoloxía, dunha longa noite de pedra para as pobriñas aulas informáticas da provincia da Coruña. Moitas grazas.

Sr. Cendán Fernández

O grupo provincial popular presenta esta moción á consideración do Pleno, con trece puntos que cremos imprescindíbeis para o desenvolvemento e futuro de Ferrol e bisbarra. A Mesa de infraestruturas da bisbarra de Ferrolterra, reunida o 28 de febreiro de 2005 e titulada como “Declaración de Ferrol”, a cal está constituída por todas as forzas sindicais, políticas e empresariais de Ferrol, nas cales están incorporadas a Consellaría de Política Territorial e o Ministerio de Fomento, e os Concellos de Ferrol, Narón, Ares, Valdoviño, Neda, Fene e Mugar dos, uns 148.000 habitantes, gobernados por diferentes partidos políticos, esta Mesa arrincou o seu funcionamento o 28 de abril de 2000, no cal saíron uns acordos de solicitarlles ás Administracións autonómica e central unha serie de infraestruturas viarias e ferroviarias e a construción do porto exterior de Ferrol, fundamentais para o desenvolvemento desta bisbarra, tan castigada pola reconversión naval, militar, co desprazamento do Estado Maior da Flota e a Mariña Mercante, que tivo lugar a partir do ano 84 e coa perda duns 20.000 postos de traballo na bisbarra.

Polo cal, moitos de nós pensamos e apostamos que o futuro de Ferrol e bisbarra ten que chegar da iniciativa privada, a creación de empresas e a explotación do turismo, no cal temos que achegar Ferrol a outros lugares, por iso tan importante é a creación de novas infraestruturas viarias, ferroviarias e portuarias, para o achegamento da meseta, ao norte de Portugal, ao norte de España, e para poder engancharnos ao tan ansiado mercado europeo; e unha serie de pequenas obras e vías para o desenvolvemento e bo funcionamento dos nosos parques industriais. A partir de aquí teñen lugar unha serie de reunións, o 13-11-2001, o 5-4-2002... En decembro de 2002 asínase un protocolo cunha serie de obras entre o Ministerio de Fomento e a Consellaría de Política Territorial, unha serie de obras comprometidas co Plan Galicia tamén; a partir desta data comézase a realizar estudos e proxectos e a contratar obras, e como consecuencia da chegada do novo goberno do Estado, deixando pasar un tempo prudencial e de reiterar unha serie de reunións co Ministerio de Fomento para que se nos explicasen unha serie de atrasos en obras, e nunha licitación de proxectos que estaban previstos, e como a negativa á segunda fase do porto exterior de Ferrol, véndonos abocados novamente a unha reconversión naval, coa perda de 3.400 postos de traballo, entre compañías auxiliares e traballos directos da antiga Astano e Bazán,

decídese por parte da Mancomunidade de municipios convocar a Mesa de infraestruturas de Ferrolterra o 28-2-2005, para facer balance das obras comprometidas polas dúas Administracións, autonómica e do estado, da cal saíu esta Declaración de Ferrol, dun acordo por unanimidade de todos os representantes alí presentes. Por todo iso, traemos hoxe aquí este documento para que sexa apoiado por todos os grupos políticos que formamos a institución. Moitas grazas.

Sr. presidente

Eu quería-lles lembrar a todos os deputados que estamos no momento en que se presenta a moción e se xustifica a súa urxencia; non estamos no momento do debate ou da presentación de contidos da moción. E gustaríame, como presidente, facer unha chamada de advertencia ás señoras e señores deputados: esta é a Deputación provincial, e temos unhas competencias, e sobre as competencias podemos discutir e podemos acordar o que sexa preciso, pero isto non é nin o Parlamento de España nin o Parlamento galego. Todos os grupos aquí presentes temos compañeiros que nos representan no Parlamento galego e no Parlamento español, son cuestións que afectan a competencias que, como cidadáns non nos son alleas, pero como institución si nos son alleas. Poderíamos debater moitas cousas, parece que aquí isto é todo novo, non pasou nada, os últimos oito anos non houbo goberno neste país.

Gustaríame, se é posíbel, que cando se presenten mocións se xustifique a urxencia, sen entrar no fondo, e se é posíbel que se presenten as iniciativas no foro que ten a competencia adecuada para tomar decisións sobre elas.

E dito este pequeno..., non sei, evasión do presidente, pásolle a palabra ao Sr. Lagares para que debata sobre o tema da urxencia das tres mocións presentadas.

Sr. Lagares Pérez

Efectivamente, imos tratar se esas mocións son urxentes ou non son urxentes por parte, neste caso, do grupo provincial socialista. Agruparemos, primeiro a cuestión das aulas informáticas, e en segundo lugar, as dúas mocións que presentan verbo das infraestruturas en Ferrolterra e na Coruña na súa área metropolitana.

En primeiro lugar, a cuestión das aulas informáticas, xa foron debidamente explicadas no expediente de modificación de créditos que acabamos de aprobar por unanimidade. Non vou entrar no fondo da cuestión de ningunha moción, soamente vou entrar nas formas, e dicir: primeiro, logo de explicar e aclarar o funcionamento das aulas informáticas no expediente de modificación de créditos que vimos de aprobar.

E despois, as dúas mocións referidas ás infraestruturas, insisto, sen entrar no fondo, paréceme que aquí o que se trata ultimamente é de facer ruído, non sei se será unha estratexia electoral por parte do Partido Popular ou que, e quero dicir que existen

outros foros, como ben indicou o Sr. presidente, para debater estes temas, como son o Parlamento de Galicia ou o Parlamento de Madrid.

Indubidabelmente, sen entrar no fondo, das tres mocións o grupo socialista vaise opor á súa urxencia, pero si acabaría dicindo unha cousa: no pasado mes de febreiro aprobamos aquí por unanimidade unha moción que tamén se declarou de urxencia por parte do Partido Popular, e eu diría se vostedes teñen autorización do Partido Popular de Madrid para presentar estas mocións de infraestruturas, e digo o por que: porque esta moción que apoiamos o mes pasado de febreiro todos os grupos desta cámara, desta institución, automaticamente, o 14 de marzo de 2005, nunha sesión do Senado, foi rexeitada polo Partido Popular, e refírome á construción –díciase entón- de catro buques patrulleiras de vixilancia que ía encargar o goberno de Venezuela. Polo tanto, eu quero saber se teñen vostedes autorización, e indicar que, indubidabelmente, sexamos serios e rigorosos na presentación destas mocións, porque despois podemos necesitar o permiso do Senado, e no Senado o PP adopta unha posición distinta.

Sr. presidente, o grupo socialista votará en contra da urxencia das tres mocións.

Sr. presidente

... Si, pero non hai debate aquí, Sr. Torres. Estamos a presentar a urxencia.

Sr. Torres Colomer

Non quero abrir debate, o que me dicía vostede de que ben, que esta cámara ten as súas competencias, por suposto que sabemos cales son as competencias desta cámara, pero esta cámara tamén ten que ser correa transmisora de emitir inquiredanzas que poden afectar a esta provincia, como así se aprobou nalgún momento, ou ao Goberno da nación, á propia Unión Europea, ou ao propio Parlamento galego, igual que fai o Parlamento galego, que ás veces aproba mocións ou proposicións non de lei para as enviar a Europa ou ao Goberno da nación. Nese sentido, coido que esta cámara ten que ter a súa voz, e ten que ser correa transmisora da inquiredanza dos cidadáns desta provincia.

E dicirlle xa, -non quero tampouco abrir debate-, ao Sr. Lagares que o Partido Popular de Galicia ten a súa autonomía.

Sr. Bello Costa

Ben, non se trata de insistir no que acaba de comentar o Sr. Lagares, pero si é certo que quedan dúbidas razoábeis, desde o punto de vista político, de que o que se fai aquí ten que ter conexión de comportamento e de tomar postura noutros ámbitos de decisión, non? E eu vouno facer coa maior das cordialidades, desde o grupo provincial do BNG, temos un afecto especial por todos os grupos políticos, polo Partido Popular por suposto, -e permítaseme esta licenza coloquial-, pola ala máis “esquerdosa”, a ala

esquerda que teño aquí máis próxima, o Sr. Lamas, Sr. Torres Colomer, Sr. Rodríguez, Sr. Pose, Sr. López Crespo, e por suposto eu, dese aprecio quero ser consecuente e non quero que cometan erros monstruosos, erros monstruosos como así o cualificou o presidente do Partido Popular, Sr. Rajoy, á vista dunha operación económica, por suposto dentro do campo de defensa, eido militar, pero que se votou aquí favorablemente. E eu por iso, con ese apego, prefería que o ámbito onde se vaia debater terá que ser tamén, cada un terá o seu pensamento da adecuación do momento, pero nós pedímoslle, Sr. presidente, -e ademais entenderao o Partido Popular, esta é unha cuestión tamén onde os grupos debemos ser sensíbeis-, nós queremos que os temas se debatan.

Nós, será por suposto ao mellor porque non coñecemos ben a mecánica provincial, menos eu, eu fun alcalde dun concello importante de Galicia, e eu nunca vin que se presentasen as mocións da maneira que se presentaron hoxe, eu son descoñecedor, as intervencións case foron defensa destas. Nós desde aquí pedímoslle, Sr. presidente, e ademais eu sei que ese é o seu sentir, que aquí non queremos furtar o debate a ninguén, pero en todo caso, para gardar esa coherencia tamén política, remitamos estas mocións a un ámbito de debate nas comisións nas que pertinentemente encaixan os textos destas mocións, pensamos que na Comisión Informativa de Cultura, na Comisión de Infraestruturas, ou mesmo de Promoción Económica, en función do que determine, ao mellor, a opinión xurídica, e que se pasen a debate, e que en todo caso, se sentencien nese ámbito da comisión.

Teñen que entender tamén os membros do Partido Popular, e non se lles pode escapar, que claro, cando se confecciona unha orde do día e están ademais advertidos, de maneira amigábel, debían de se coñecer cales son as pretensións de todos os grupos políticos, e isto provoca ás veces, e sábeo o Sr. Lamas, dígoo coloquialmente, -ao Sr. Lamas ademais pedíuselle ademais particularmente, dicir: “imos evitar no futuro...”, e por iso eu penso que a mellor maneira de reconducir este tema é que todos quedemos satisfeitos na medida en que ben, isto non se lle furta a ninguén, trasládase ao eido de debate das Comisións informativas, ditamínase, e a partir de aí eu penso que se respectan as regras de xogo que esta Deputación ten marcadas desde o seu momento fundacional e desde a toma de posesión desta nova Corporación, que foi o 26 de novembro do ano 2003. Grazas, Sr. presidente.

Sr. presidente

Non hai debate, Sr. Lamas, vostedes presentaron as mocións... Citóuselle, non se lle aludiu, pero ben, brevemente.

Sr. Lamas Sánchez

Quero agradecer ao Sr. Bello, que tamén eses sentimentos son comúns, eu diría que non só da miña persoa, senón de todo o grupo popular, pola xente que está á nosa dereita, neste caso non?.

Iso en primeiro lugar; despois, eu penso que nós presentamos, se cadra ao mellor non con tempo, pero creo que con suficiente tempo, as mocións. E despois, un pouco compartir o que dicía o Sr. Torres Colomer: eu coído que por riba de todo, por riba de todo, nesta casa ten que estar a defensa dos intereses da provincia, coído que iso está por riba de todo, e penso que todas as deputadas e todos os deputados que estamos aquí temos iso claro, entón que non existe unha relación..., eu penso que estes temas, o tema das infraestruturas, son temas fundamentais para a provincia da Coruña e son fundamentais para esta deputación, e penso que o sitio para debater é precisamente aquí; eu coído que non é en ningunha comisión, que é unha cuestión que está recollida tamén regulamentariamente; pero penso que o lugar é este porque son temas fundamentais, dunha transcendencia importantísima para o futuro da provincia da Coruña; non é unha cuestión de oportunidade.....

Sr. presidente

Sr. Lamas, agradézolle a súa intervención, pero estamos no debate das urxencias, vostede formulouno, vostede ten un criterio, xa tivo oportunidade de o expresar. Si, Sr. Bello, brevemente.

Sr. Bello Costa

Non quereríamos, desde o grupo provincial do BNG, que este tema fose obxecto de interpretacións equivocadas, e de interpretacións nesgadas, e de malas utilizacións políticas. Volvemos insistir, e eu coído que compartimos os grupos presentes, se se quere, unicamente os dous grupos de goberno, non furtar, insisto Sr. Lamas, este debate. Se hai unha posición política de un dos grupos políticos de goberno, nós –e vostedes faríano igual- imos acompañar politicamente, e dicímolo así claramente, ao grupo do PSOE neste caso, somos unha coalición de goberno, pero estoulle a pedir comprensión a vostedes, e comprensión ao presidente, que xa dou por descontado, igual que a súa, que na próxima Comisión de Cultura, na Comisión de Infraestruturas, que se incorporen estas mocións e as ditaminen e posibelmente deban vir despois ao Pleno outra vez. Non estamos neste momento negando esas posibilidades.

Pero en todo caso, Sr. Lamas, sería –penso- entendíbel pola súa parte e polo seu grupo, que neste tema non vaian vostedes a tirar ningún rédito político en beneficio político, buscando, antes falábase da fenda, por parte do Sr. Dositeo Rodríguez, pois iso, ningunha fenda política. Imos acompañar, pero pedimos que se pase aí, porque, por suposto, e eu, xa que se aproveitou para presentar as mocións, como non vou estar de acordo coas melloras de infraestruturas para a área de Ferrolterra, ou as do contorno da Coruña, ou mellora das propostas que haxa nas novas tecnoloxías? Por suposto, pero busquemos o consenso; busquemos a posibilidade de confluír, e que non se saque isto fóra do contexto, xa que aprobamos 18 puntos por unanimidade, e como dixo o Sr. presidente, dunha importancia grande para o conxunto da provincia, e nisto busquemos

tamén, porque aquí a celeridade, dous ou tres días antes ou despois, non ten tampouco demasiado mérito. Grazas, Sr. presidente.

Sr. presidente

Imos votar a urxencia das mocións, cada unha por separado, pero tamén quero que quede clara a posición da Presidencia. Non é razoábel, como dicía o Sr. Bello e como dixen noutros momentos, debater 20 ou 30 puntos en dez minutos e entón debater dúas horas sobre cuestións que nos afectan como cidadáns, pero que non temos ningunha competencia sobre iso. Porque así como vostedes traen mocións sobre o Plan Galicia ou sobre calquera cousa, nós podemos traer mocións sobre a Xunta de Galicia, e estamos aquí debatendo cuestións que teñen que discutir no Parlamento galego, e iso sería terxiversar a función da Deputación e utilizar á Deputación de forma retorcida.

Eu simplemente fixen un rogo, que traten, se hai temas importantes que hai que tratar, un tema que é importante, pois trátase e tómase postura, pero non podemos estar todos os plenos, todos os plenos, discutindo mocións de cuestións que son alleas ás funcións e competencias desta Deputación.

Antes de votar a urxencia, direi que estivemos a falar deste tema da tramitación destas mocións, e que acordamos darlle o mesmo trato que o Sr. Torres Colomer lle daba ás mocións que se presentaban aquí: decaen as que decaían aquí, e van á Comisión Informativa respectiva, e aí fálase e punto, que é o que se facía no anterior mandato da Deputación, e iso é o que faremos nós tamén.

Sr. Torres Colomer

Sr. presidente, non quero abrir debate, e que, en fin, eu respecto a súa postura pero non a comparto no aspecto de que non poidamos traer mocións; hoxe tráense dúas mocións, unha que é competencia desta Deputación, que é das aulas informáticas, porque as creou e están sen funcionar, e os concellos temos unha inquedaanza sobre iso que está alí, que fai mal efecto, para os propios concellos e sobre todo, máis directamente, para a propia Deputación. E penso que sempre nesta cámara se trouxeron mocións que non eran competencia exclusiva desta Deputación. Volvo repetir, eu coido que os problemas, as inquedaanzas da provincia podemos mostralas aquí e elevalas a quen consideremos que é o responsábel, para tentar solucionarlas; agora, se vostedes votan a urxencia, ou non votan a urxencia, ou lla pasan á Comisión, é diferente, pero non nos pode privar dese dereito que temos de traer as mocións que consideramos que son interesantes para a provincia. Volvo repetir: o resultado será o que sexa, e coido que na anterior lexislatura aquí se debateron mocións de toda índole. E nada máis, xa non interveño máis, e votaremos, se lle parece ben, as mocións. Moitas grazas.

Sr. presidente

Eu non lles pedín que non trouxeran mocións; fixenlles a reflexión de que pensaran que non é isto o adecuado, porque nós podemos presentar o próximo mes unha moción sobre a liberación de peaxes de autoestrada de Carballo-A Coruña, e non ten sentido; convertemos isto no Parlamento galego. E non ten sentido, porque entón estamos a terxiversar o que é a función da Deputación. Eu sei que hai unhas eleccións en outubro e podemos estar máis ou menos nerviosos, pero cinxámonos ao que é a nosa competencia e a nosa capacidade de decisión.

VOTACIÓN

En primeiro lugar vótase a moción presentada polo Sr. Lamas

Votan a favor: 15 deputados (PP)
Votan en contra: 16 deputados (11 –PSOE e 5 –BNG)
Abstéñense: ningún.

Decae a moción.

Seguidamente, a moción presentada polo Sr. Rodríguez.

Votan a favor: 15 deputados (PP)
Votan en contra: 16 deputados (11 –PSOE e 5 –BNG)
Abstéñense: ningún.

Decae a moción.

E por último, a moción presentada polo Sr. Cendán.

Votan a favor: 15 deputados (PP)
Votan en contra: 16 deputados (11 –PSOE e 5 –BNG)
Abstéñense: ningún.

Decae a moción.

Sen máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e vinte e cinco minutos, redactándose a presente acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.